

# FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2024

## O Rexurdimento a cabalo da República e Restauración (1873-1890)

**Xurxo Martínez González**

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

# O Rexurdimento a cabalo da República e Restauración (1873-1890)

## PALABRAS CHAVE

Rexurdimento,  
República,  
Restauración,  
Cánovas del Castillo,  
Murguía

## KEYWORDS

Rexurdimento,  
República,  
Restauración,  
Cánovas del Castillo,  
Murguía

## RESUMO

Este artigo analiza o impacto no Rexurdimento da queda da I República. O esfarelamento do republicanismo trouxo consigo tres importantes consecuencias no escenario político: o regreso da monarquía, a configuración de España como unha nación única e a aparición do rexionalismo. Todo isto afectará na concepción do valor das linguas como elementos identitarios e, sobre todo, ao discurso político-cultural pois o idioma pasa a ser o elemento central do debate identitario.

## ABSTRACT

This article analyses the impact of the fall of the I Republic on the Rexurdimento. The collapse of republicanism brought with it three important consequences on the political scene: the return of the monarchy, the configuration of Spain as a single nation and the emergence of regionalism. All of this will affect the conception of languages as identity elements and, above all, the political-cultural discourse as language becomes the central element of the identity debate.

*Para Alex Alonso Nogueira,  
por compartir o saber,  
por alentar a investigación.*

*Las naciones son obra de Dios  
Cánovas del Castillo (1882)*

*Fácilmente se ve que [Galicia] es una nación  
que todavía no se ha revelado a si misma  
Manuel Murguía (1886)*

## 1. Contexto

Afonso XII, ao lombo dun cabalo de nome *Arrogante*, entra no Madrid de 1875 para empoleirarse no trono tras a disolución da República.

Eis o regreso dos Borbóns a unha España que anos atrás expulsara ás súas inmediatas devanceiras por corruptas en múltiples sentidos. Devanceiras que, malia a volta do fillo pródigo, non retornarían pois María Cristina e Isabel II morreron exiliadas na Francia da Terceira República. Ten o seu aquel estes paradoxos da historia.

A continuación anotaremos aspectos político-culturais da etapa da Restauración co fin de comprender a tensión en termos lingüísticos e identitarios. Escollemos varios textos que poñemos en diálogo e propoñemos lecturas máis alá das letras. Non cremos nas análises textualistas nin meramente estéticas que, de maneira indirecta, acaban por desfigurar o calado político.

Esta investigación chega até 1890, ano da fundación da *Asociación Regionalista Gallega* (ARG). A súa curta actividade non empequecece a relevancia simbólica, a incidencia discursiva e o peso doutrinal. É a primeira vez que o rexionalismo galego se estrutura nunha formación con vontade explícita de intervención política.

Por esta razón cómpre poñer o límite aquí. Porque a ARG é resultado da suma de vontades expresada nos anteriores anos e como consecuencia da necesidade de

responder de xeito unitario á ofensiva centralista. A partir de 1890 ábrese outro escenario, pronto marcado polo desastre de 1898, que precisaría doutro longo estudo que excede en demasía o noso propósito.

### 1.1. A volta de Afonso XII. Cánovas del Castillo e a Restauración

A chegada de Afonso XII supón un cambio de rasante na estrutura administrativa, organizativa e política do Estado español (Villares, 2009). Os pronunciamentos militares de distinta orientación; as crueis guerras civís instigadas polo carlismo; os intentos inconclusos para consolidar un modelo de organización territorial; ou os proxectos alternativos a unha monarquía quedaban soterrados nunha sorte de desmemoria carregada dun severo sentimento de derrota, frustración e desesperanza. A isto sumóuselle o acerto discursivo e pragmático da Restauración por mor do apoio, explícito ou tácito, doutros axentes sociopolíticos.

A reinstalación borbónica deuse grazas á connivencia de sectores militares, dos órganos políticos conservadores conchambados cos desencantados progresista-republicanos, da curia eclesiástica degoirante de recuperar o terreo arrebatado pola democracia e dunha maioritaria prensa (en exercicio do *cuarto poder*) disposta a aceptar unha nova intentona borbónica que trouxese consigo medidas restritivas na liberdade de opinión e prensa, aplicable só aos adversarios (con especial coidado á prensa obreira e revolucionaria).

O armadanzas de todo o operativo foi Antonio Cánovas del Castillo<sup>[1]</sup>. Con certeza, o mozo que en 1854 redactara o Manifesto de Manzanares en nome do xeneral O'Donnell, para encetar o chamado Bienio Liberal, era agora o político maduro que en 1874 redacta unha outra proclama en forma de Manifesto de Sandhurst en nome do príncipe Afonso XII para comezar unha longa fase na historia española coñecida como A Restauración.

Toda a dilatada experiencia política de Cánovas, xa for en formato oficial ou conspirador, entregábase ao obxectivo do regreso da monarquía a España pero, sobre todo, da súa consolidación a carón dun proxecto de modernización do Estado vertebrado nun discurso centralizador e etnicista. A intervención pública de Cánovas

---

[1] Para unha aproximación ao seu pensamento político, vid. Gómez Ochoa, 2000. A súa ideoloxía de “liberal templado” caracterízase polo peso do catolicismo e do tradicionalismo que combina cunha concepción oligárquica da política. En troques, Cánovas mantiña posicións abertas ao debate pero dentro dunha elite política e cultural, limitando así a participación popular que explica a súa defensa do sufraxio censitario, da propiedade como forma para garantir un filtro social, da monarquía constitucional (antepoñendo a monarquía ás Cortes aínda que ambas as consideran a *constitución interna* de España) e un modelo turnista inspirado en Inglaterra. O propio Cánovas confesou estar contra a “democracia absoluta”. Gómez Ochoa explica: “La soberanía residía no en la voluntad de todos, sino en la de los poderosos e inteligentes, a quienes distinguía el hecho de la propiedad privada” (2000: 157).

é decisiva neste tempo. A súa palabra, escrita ou orada dende tribunas académicas ou escanos parlamentarios, propicia na esfera pública (canda outros nomes das letras e da política en xeral) un estado de opinión favorable á Restauración. Un esquema articulado na Constitución de 1876, de extensa duración, feita ao ditado do estadista conservador.

Porque a meta estaba no duplo enterro do republicanismo en disolución e do progresismo de liña revolucionaria. Cumpría pechar esta etapa para dar paso ao sistema bipartidista, seguindo o esbozo parlamentario de Inglaterra onde o rei exercía unha cómplice función arbitral no terreo gubernamental pero tamén un suposto equilibrio como mecanismo de desactivación das antigas asonadas. En definitiva, *the establishment*.

A Restauración elabora un formato de estado moderno a distintos niveis: territorial, administrativo, cultural ou identitario<sup>[2]</sup>. Un programa recollido, en síntese, no citado Manifesto de Sandhurst. O éxito radicou na posta en marcha do programa político tanto no plano discursivo como no plano material e a súa aceptación por parte dos grandes partidos alternantes no poder, ben sostidos polas redes caciquís. Ademais impulsou unha “verdadera contraofensiva ideológica, repleta de dicterios negativos respecto del Sexenio y, sobre todo, del periodo republicano. Así como se revisó la política educativa o religiosa, también se replanteó sobre nuevas bases la cuestión nacional” (Villares, 2009: 207).

Un exemplo, apenas, é a intención de desmontar a narrativa da tradición progresista-republicana. A este respecto Álvarez Junco escribe para un caso concreto (2015: 224): “La revisión del mito comunero [de 1521] sólo se iniciará en la Restauración, bajo la influencia del propio Cánovas, [...] tenderían a presentarlos como anticuados defensores de un mundo de privilegios medievales en pugna con el moderno aparato político que tenía en mente Carlos V”. A loita dos *comuneros* homenaxeábase, como mito e símbolo, na franxa morada da bandeira da República. Cánovas sabía fiar fino.

## 1.2. A inmoliación republicana e a aparición dos outros

O *Diario de Sesións* (núm. 99, 2-I-1874) recolle como Eduardo Chao (tan íntimo dos Murguía de Castro) toma a palabra, entre os deputados da *Carrera de San Jerónimo*, para enfrontarse ao corpo militar disposto a acabar coa República<sup>[3]</sup>. Chao propón aprobar “un decreto declarando fuera de la ley al general Pavía” e solicita, expoñendo

[2] A modernización do estado afectou a distintas escalas e espazos: educación (a redución das taxas de analfabetismo), o impulso á comunicación terrestre (ferrocarril), o servizo militar, a Administración do estado... Todo como deseño dun concepto de España como ente centralizador situado na capital, Madrid.

[3] Sobre a traxectoria de Eduardo Chao, Martínez González (2020). Da importancia da estirpe Chao no Rexurdimento, Martínez González (2018a).

a súa vida, entregarllo el mesmo definindo tal xesto de “honra republicana”. Mais xusto nese intre, segundo a crónica parlamentaria, os soldados entran no hemiciclo.

Unha nova insurrección militar finiquitaba a experiencia civil da República pois o réxime republicano continuou sob o mando do xeneral Serrano xa como experiencia militar. Nos ultimísimos días de 1874 a República morre nas mans do xeneral golpista Martínez Campos que proclama a Afonso XII novo rei de España.

Á marxe das lideiras militares, o republicanismo desfigurábase a causa dunha enorme crise orgánica. Unhas diferenzas vividas no seo do Goberno republicano e no cal agurgullaba un fraccionalismo notable, fratricida con posicións decote máis tensas, contraditorias e irresolubles. En paralelo prodúcese o divorcio na unidade de acción co progresismo (tamén en pugnans internas) deixando en papel mollado o pacto de Ostende. De maneira indirecta puñan o pé de Afonso XII nos estribos de *Arrogante*.

O resultado deste destartalamto interno dos republicanos derivou en dispaes traxectorias. Algúns optaron polo exilio (Eduardo Benot ou José María Orense)<sup>[4]</sup>, pola conspiración armada (Ruiz Zorrilla), outros sufrir as represalias políticas ao quedarse no país (Nicolás Salmerón ou Pi i Margall) e algúns resituarse coa aceptación do novo marco (Emilio Castelar ou Sagasta).

A debilidade desta oposición ao modelo restauracionista facilitou o seu asentamento. Pola contra, nos claroescuros deixados polo republicanismo e o progresismo no espazo dun proxecto de enmenda total á Restauración, xurdirían dous suxeitos políticos cunha forza en auxe capaces de cuestionar, en termos de mobilización social e esfera pública, a folla de ruta de Cánovas: o rexionalismo e o movemento obreiro.

### 1.3. A recomposición ideolóxica do Estado moderno

A historiografía debateu a oito a tese da “feble nacionalización”, acuñada por Borja de Riquer no *Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea* de 1992, logo exposta en *Escolta Espanya. La cuestión catalana en la época liberal* (Marcial Pons, 2001). En resumo, esta hipótese considera que os aparatos do Estado español foran incapaces (“nacionalización lenta y superficial”) de institucionalizar en amplas capas sociais un discurso en pro da nación española. Esa carencia, a non identificación da cidadanía co modelo identitario do Estado coa consecuencia dunha “débil conciencia de la identidad española”, facilitou o camiño á emerxencia desoutros referentes. En palabras de Ortega y Gasset, a debilidade do estado converteu a toda España nunha “pura provincia”.

Rexionalismo e movemento obreiro sitúanse fronte ou á marxe do estado, ao cal disputan un poder político. A capacidade de pór cadansúa problemática no

---

[4] Entre os exiliados republicanos galegos están Waldo Álvarez Ínsua ou Juan Compañel, homes tamén ligados aos Murguía de Castro

taboleiro do debate obrigou aos partidos “tradicionais”, sosegadamente cómodos coa Restauración, a tomar medidas políticas (des)favorables como síntoma da presión destes axentes. En consecuencia, a cuestión nacional e social formulouse dende o seo dos propios movementos preocupados máis por estas variables do que pola gobernabilidade do estado ou a política exterior (no contexto das guerras de Cuba e Filipinas, ou no expansionismo xermánico de Bismarck).

Ferrán Archilés (2006), dende unha postura cando menos discrepante con Riquer, propón centrarse “en las formas como esta [a nacionalización] se fue construyendo y experimentando”. Escolle como campo de estudo as comunidades e non as institucións. Para isto é obriga estudar, comprender e analizar o marco sociopolítico, económico e cultural dende abaixo e sobre do cal se definen as identidades colectivas.

Ambas hipóteses son rendibles para a investigación. Por exemplo, para estudar a construción de discursos lingüístico-culturais en relación cos poderes do estado e coa identificación da cidadanía a partir das súas propias experiencias non impostas ou inculcadas dende o chamado *aparello ideolóxico* do estado.

Neste sentido ábrese un campo de traballo: a paisanaxe galega identificábase coa Galiza descrita por xentes de letras, ben representadas na narrativa de, por exemplo, Emilia Pardo Bazán? Ou acaso atopan en Rosalía de Castro os valores que os identifican como pobo galego cunha identidade de seu e, por tanto, como nación en si? E como esta proxección rosaliana chega ao pobo sen contar cos resortes do estado e entre unha poboación iletrada?

Un caso curioso, para cavilar amodo, é o éxito ou fracaso de iniciativas con valor simbólico de clara proxección ideolóxica restauracionista auspiciadas polo estado (intentos de “nacionalización”, ao fío de Riquer). Permítaseme poñer un caso, como hipótese de traballo que non como conclusión.

O mariño vigués Casto Méndez Núñez, contraalmirante da Real Armada Española, elevouse á categoría de heroe pola súa participación na batalla do Callao (aínda hoxe polémica na súa lectura política e histórica). No contexto da Restauración érguenselle esculturas, inaugúranselle bustos e ábrenselle xardíns, alamedas ou rúas na súa honra: as esculturas na alameda de Compostela (1890) e na de Vigo (1892); ou o busto en Ferrol (1893). Todas estas iniciativas contaron co arroupe dos poderes institucionais do estado e, en ocasións, co abrigo de liceos ou círculos recreativos sob control burgués<sup>[5]</sup>.

O contraste dánolo Rosalía. Logo da súa morte non se ergueron bustos nin esculturas nin bautizaron alamedas ou ruelas. Mais si houbo unha multitudinaria manifestación cívica por Compostela (coa feroz oposición da curia eclesiástica) de cando foi o traslado do seu féretro dende Adina a Bonaval en 1891, propiciada pola

---

[5] Villares define este ímpetu memorialístico como unha “verdadera fiebre de monumentos y estatuas” (2009: 214).

ARG e faccións republicano-progresistas (lembramos a famosa intervención do dirixente Alfredo Vilas, dada dende o balcón da casa na cal viviran os Murguía de Castro, ao berro *Deteneros!*)<sup>[6]</sup>. A primeira escultura de Rosalía, se non me trabuco, inaugurouse grazas á subscrición popular en 1917 no Paseo da Ferradura, en Santiago de Compostela, feita en parte coa axuda da emigración e da “decidida cooperación de los humildes”, como Augusto González Besada lembrou no discurso do acto inaugural. Ao igual sucede coa peza do malecón padronés, doazón dos emigrados de Padrón no Uruguai inaugurada no franquista 1957 entre a voz rebelde, insubornable e antifeixista de don Ramón Otero Pedrayo dirixida á multitude arremuiñada á beiriña do Sar.

A diferenza da lectura sociopolítica entre ambos é notable; por iso mesmo, reveladora da identificación dos sectores populares con unha ou outra figura. Porque por unha parte temos o perfil dun militar, ligado ao conservadorismo, protexido e divulgado polo poder do Estado fronte a unha muller escritora que agallopaba polos círculos do republicanismo progresista con voz propia e apenas abeirada pola emigración, as clases populares e un feixe de homes ilustrados de compromiso rexionalista con matices ideolóxicos (dende Augusto González Besada até Eduardo Chao, dende Aureliano Pereira até Alfredo Brañas).

Rosalía será o rostro da alternativa do rexionalismo político pero en clara disputa co intento da súa apropiación por parte dos sectores restauracionistas, coñecedores do poder mobilizador da súa obra. Velái o sucedido no insultante discurso de Emilia Pardo Bazán durante a falsa homenaxe dada a Rosalía en setembro de 1885 (co corpo defunto aínda quente) en presenza de Emilio Castelar, aquiescente co contido<sup>[7]</sup>. Son numerosas as mostras de pugna polo seu control, por ende da súa lectura en termos políticos, que chega até os nosos propios días (a Rosalía chorosa na lareira vs. a Rosalía de *cantos de libertad e independencia*).

---

[6] A iniciativa de erguer o mausoleo para a poeta partiu da *Real Sociedad Económica de Amigos del País* de Santiago de Compostela, no ano 1886. Formouse unha comisión, chamouse á colaboración de entidades e persoas ademais de organizar unha velada para recadar fondos. O continxente da emigración galega en Cuba recadou unha cifra considerable de cartos: 450 pesetas xiradas por Juan Manuel Espada, presidente da comisión. A prensa (*El Lucense*, núm. 617, 30-X-1886) aclaraba o gasto dos cartos segundo os desexos da comisión galego-cubana: mercar a perpetuidade o terreo onde estaba enterrada Rosalía, cercar o terreo cun enreixado de ferro cunha porta con chave, erguer sobre a tumba “una pirámide de mármol blanco en una de cuyas cara irá grabada esta inscripción: ‘Los gallegos de la isla de Cuba a Rosalía de Castro’”, e “entregar al Sr. D. Manuel Murguía, a cuyo nombre se hará la compra del terreno, y la inscripción en el registro de la propiedad, la escritura de la adquisición y la llave de la puerta de la verja”. Unha proposta escultórica sen éxito, pero os cartos serían acumulados para o mausoleo de Bonaval.

[7] Para máis detalles do sucedido e as súas lecturas políticas, *vid.* Martínez González (2005).

## 2. O parto do rexionalismo político

O rexionalismo organizado politicamente aparece neste contexto da Restauración como unha opción plenamente autónoma con respecto ás estratexias de partidos estatais. A fractura do republicanismo federal deveu nunha tensión en Cataluña deica o divorcio entre os federalistas de Pi i Margall e os rexionalistas de Valentí Almirall. Ambos republicanos, si; pero xa con proxectos políticos distintos. Miquel Caminal (2010: 9), catedrático de Ciencia Política na Universitat de Barcelona, escribe:

La ruptura arribà quan Pi torna a Barcelona, després de 34 anys d'absència. L'estada a la ciutat natal posà de manifest l'existència de divergències doctrinals i de tàctica política entre el seu project polític, fonamentalment racionalista i teòric, i el federalcatalanista, basat en la realitat catalana i historicista. La ruptura comportà la constitució del Centre Catalá, la primera associació política catalanista.

A primeira grande expresión pública do catalanismo sucede coa *Memoria en defensa de los intereses morales y materiales de Cataluña*, coñecido como *Memorial de Greuges* (1885). O texto dirixiuse de xeito directo a El-Rei Afonso XII coa sinatura do *Centre Catalá*.

Esta misiva ao monarca resultou dun acto celebrado na Lonxa de Barcelona sob presidencia de Joaquím Rubió i Ors, *El Gaiter del Llobregat*, un escritor no espertar da *Renaixença*. Na reunión participou a *Academia de la Llengua Catalana* ao mesmo nivel do *Centre Catalá* e do Concello de Barcelona: o idioma adquiría un lugar privilexiado nas demandas da sociedade civil catalanista, canda outras inquedanzas como os tratados comerciais ou a unificación do dereito civil. Adquiríao na medida en que se entendese como proxección pública da identidade catalá.

Afonso XII recibiría á delegación o 10 de marzo de 1885. Mais a pronta morte d'El-Rei atrancou a posible vía negociadora. O *impasse* da cuestión catalá axitaríase coa fundación en 1891 da *Unión Catalanista* e da aprobación un ano despois das *Bases de Manresa*. O idioma, máis unha vez, tornaría a ocupar un posto central porque posuía un valor constitutivo da nación. Non era sinxelamente un sistema de comunicación; era o *sangue da nación*.

Todos estes acontecementos foron coñecidos polo rexurdimentistas. Dende antano existiu unha relación entre as xentes letradas de Galiza e Cataluña. Basta citar a amizade entre figuras tan sinaladas como Neira de Mosquera ou Faraldo co home máis representativo da *Renaixença*, Víctor Balaguer. Un Balaguer quen, por certo, será o primeiro tradutor dende o galego a outro idioma (catalán) de dous

poemas dos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro<sup>[8]</sup>. Esa relación dialóxica entre ambas intelectualidades continuou todo o XIX, de maneira intensa, como se percibe en persoeiros coma Murguía ou Alfredo Brañas.

### 2.1. Unha revisión do impacto político do rexionalismo galego

Benito Vicetto escribiu as máis sonoras loas na memoria de Antolín Faraldo. Fíxoo como director da *Revista Galaica* (núm. 19, 15-X-1875) dentro da sección “Semblanzas galaicas contemporáneas”, que viña ser unha proposta de construción da memoria histórica do pobo galego. A publicación sucede nas postrimerías republicanas. Por ese motivo, as seguintes liñas adquiren un valor especial:

vino la revolución del 68, y no teniendo más que repetir el grito de Antolín Faraldo: *no queremos ser más que gallegos*, Galicia adjuró para el caso de sus hijos, y nombró por representantes suyos en el parlamento asturianos, castellanos... hasta *canarios* o de las islas Canarias!- de modo que alardeándose en la atmósfera política de un cantonalismo exótico, Galicia vió desaparecer tal vez para siempre la única ocasión favorable de recobrar su autonomía propia o antigua nacionalidad.

A reflexión de Vicetto, sempre apaixonado na defensa da liberdade galega, sérvenos de preludeo para explicar unha paisaxe política distinta á catalá, en constatables diferenzas organizativas ou mobilizadoras<sup>[9]</sup>, pero con idénticas preocupacións arredor do futuro político-administrativo do país. Porén, dende a nosa opinión, cómpre poñer o acento no impacto discursivo do rexionalismo político e como este encoiraza por completo o Rexurdimento, no ronsel do dito por Máiz (1984: 58):

Neste ano [1886] a celebración dos Xogos Florais de Pontevedra e Betanzos, a multiplicación da prensa centrada na problemática de Galiza, e outras intervencións como libros, discursos e conferencias... asinalan os comezos dunha *movilización ideolóxica* que pasa crecentemente a se autodenominar *rexionalista*. A fundamentación ideolóxica dunha conciencia de galeguidade que aquí comenza a desenvolver-se dialécticamente enfrontada co modo de dominación da Restauración e coa súa ideoloxía e discurso. Antes de atinxir manifestacións político-organizativas en sentido estrito, o rexionalismo enceta un proceso de loita ideolóxica e impug nación do discurso dominante e contra o aparello de poder.

A lectura en termos numéricos, de actos ou militancia estrita, non debe difuminar certo éxito do discurso rexionalista na esfera pública (prensa, literatura, música...),

[8] Para as relacións entre Cataluña e Galiza ao longo do XIX, *vid.* Hermida (1993) e Martínez González (2014b, 2015).

[9] Galiza tiña a carencia dunha entidade capaz de institucionalizar o discurso rexionalista mentres Cataluña contaba co Ateneo Barcelonès (1860). Houbo que agardar até a fundación da Academia Galega (1906).

nos espazos de sociabilidade<sup>[10]</sup>, na construción e difusión de elementos simbólicos da identidade (dende os Mártires de Carral até Rosalía), na institucionalización do imaxinario nacional colectivo, na aceptación do concepto identitario de Galiza (o celtismo, verbigracia) etc. O rexionalismo actuou como “un complexo e plural intento de implantación con carácter de masas na sociedade galega da época” (1984: 44), en opinión de Máiz, un dos referentes indiscutibles no estudo desta materia.

A nivel orgánico o rexionalismo constitúese publicamente na ARG (1890). A ela débese a organización dos Xogos Florais de Tui (os primeiros monolingües en galego) ou o traslado do cadaleito de Rosalía a Compostela. Nesta sociedade participaron os nomes máis senlleiros do rexionalismo de entón que contaron con *La Patria Gallega* (1891-92) como *outavoz*.

En todo caso, este rexionalismo organizado acumula unhas prácticas e teorías previas obra do provincialismo. É dicir, o rexionalismo non se constitúe *ex nihilo* nin por imitación levantina. As experiencias anteriores, dende o xuntismo da francesada ou as proclamas descentralizadoras das *bullangas* até o proxecto político máis definido de Antolín Faraldo ou a contribución da prensa provincialista (en destaque, o gran xornal do Rexurdimento *La Oliva-El Miño* dos Chao<sup>[11]</sup>), son unha herdanza sobre a cal ensanchan e afinan o discurso do imaxinario nacional fornecéndoo con maior carga política en paralelo ao protagonismo outorgado á lingua<sup>[12]</sup>.

A *Asociación Regionalista Gallega*, integrada por *irmáns* con matices no eixo nacional pero discrepante no eixo esquerda-dereita, remataría ben cedo en canto á estrutura orgánica. Cadaquén seguiría labrando na crenza rexionalista cunha actividade pública na prensa, libros, actos ou militancia noutros partidos de ámbito estatal. Pola contra, tamén houbo desmarques como o dos líderes, ideoloxicamente antagónicos, Alfredo Brañas e Aureliano Pereira<sup>[13]</sup>.

---

[10] Un traballo pendente é o estudo das programacións de conferencias, veladas literarias, concertos, homenaxes... durante o Rexurdimento, coa identificación tanto da entidade organizadora, como as persoas que interveñen e os espazos onde se realizan.

[11] Sobre a relevancia de *La Oliva* e logo d' *El Miño*, *vid.* Martínez González (2021).

[12] Máiz (1984: 58) e Beramendi (2007: 277-281) sitúan no 1886 o ano do salto adiante do rexionalismo subliñando a intervención pública de Murguía: *Los precursores*, discurso nos Xogos Florais de Pontevedra e artigo “¿Qué es nación” (*La Región Gallega, La España Regional*). Como precedentes nomean tres xornais representativos das tres liñas rexionalistas: *Diario de Lugo* (1876-84), *La Ilustración Gallega y Asturiana* (1879-82) e *El Libredón* (1881-1887).

[13] Pereira víase a si mesmo como o primeiro impulsor do rexionalismo político na prensa de Galiza, antes incluso que Murguía. Lemos no seu *El regionalismo y la poesía gallega*: “en 1878, en Galicia, y en unión de mi querido amigo el eximio periodista Alfredo Vicenti, mantuve los principios de lo que hoy se llama *Regionalismo* y entonces era provincialismo, rudamente combatido por la prensa de la Corte, atribuyéndonos como programa el ¡guerra a Madrid! Que así tradujeron siempre, los recelos y egoísmos de la centralización el ¡Viva Galicia!”.

Esta diversidade ideolóxica débemola ter en mente tanto como os propios condicionantes nados da experiencia da subalternidade (González Millán, 2000). Porque o Rexurdimento non foi unha arcadia nin un banquete de amigos. No seo rexurdimentista existían diverxencias que se proxectaron sobre a lingua, a cultura e o país xerando unha tensión no campo político-cultural en construción nunhas condicións adversas en canto conforma un discurso e espazo contrahexemónico.

En todo caso, cómpre traer ao escenario dúas correntes que entendían de forma oposta a cerna mesma do rexionalismo. Ramón Villares subliña o valor “ambivalente” deste concepto xa que “tanto refuerza la unidad con su diversidad y colorido local, como se decanta hacia un proyecto cultural y político alternativo a la nación española” (2009: 209)<sup>[14]</sup>. Por un lado, podemos falar do *rexionalismo nacionalizador* e, polo outro, do *rexionalismo folclorizador*<sup>[15]</sup>.

O primeiro pretendía *nacionalizar* os elementos identitarios do país co fin de seren útiles na construción dun discurso para que a nación en si se convertese en nación para si; en definitiva, que os elementos como a lingua, a paisaxe, a historia ou a etnia funcionasen como elementos constitutivos da nación (ora usasen termos tipo *nacionalidade* ou *país*)<sup>[16]</sup>. O segundo pretendía conservar unha idea cultural de Galiza desactivando todo tipo de reminiscencia política xa que a única nación era España, coa conseguinte aceptación da subordinación dos trazos identitarios galegos aos casteláns como se observa no asunto lingüístico. Ambas correntes tiveron dous notables compromisarios: Manuel Murguía e Emilia Pardo Bazán. Por iso, cómpre ler os seus textos á luz desta tensión e encabar a produción literaria nun diálogo en clave.

Esta dialéctica expón o debate vivo e intenso sobre a propiedade interpretativa da chamada *regeneración* ou *renacimiento* da literatura rexional. Un modelo, o da literatura rexional ou provincial, que esperta un interese como tendencia e estética literarias noutros territorios coma Asturias, Cantabria, Canarias ou mesmo

[14] O propio Villares explica: “Hay tres ámbitos que, a efectos analíticos, deben ser diferenciados [...]. El primero es la región como un pilar importante, expresado en clave cultural, para la construcción [...] de la identidad nacional española. El segundo es la región como lugar de construcción de una identidad cultura específica, con base en una lengua no castellana y en otros elementos particularistas [...]. Y el tercero es la aparición, más o menos simultánea, de la región como sujeto político y eventual precedente de un proyecto nacional alternativo al español” (2009: 225).

[15] Outra proposta podería ser a distinción que realiza Leopoldo Pedreira do “escritor regional” e o “escritor regionalista” ao tratar a obra de José Pérez Ballesteros: “tiene el sobresaliente mérito de ser escritor regional, pero no regionalista. Es gallegófilo, pero no galleguista ni gallegómano” *Revista Contemporánea* (15-IX-1892). En todo caso, cómpre dicir que por folclore entendemos unha expresión cultural da identidade exenta de contido político. Esta falta de conciencia política sobre a identidade reforza a posición dominante.

[16] Sobre o proceso de construción das identidades nacionais e a escolla dos seus elementos constitutivos, é esencial a obra de Thiesse (2010) e Hobsbawm (2022).

Madrid<sup>[17]</sup>. A cuestión, no caso galego e nesoutros, está na distinción que fan as xentes letradas (escritores, xornalistas, políticos...) entre o rexionalismo nacionalizador e o rexionalismo folclorizador. En definitiva, para o caso galego, cal coiraza reviste o Rexurdimento deica chegar aos nosos días.

## 2.2. Galiza como obxecto de estudo delimitado

A *crónica geral* de Galiza, no marco da historiografía romántica, xa se asentara no último cuarto do século XIX. A contribución ensaística (con todas as tonalidades habidas entre eles) dos Verea Aguiar, Martínez Padín, Vicetto, Villaamil, Saralegui, Barros Sibelo... consolidaron un relato da forxa da identidade galega<sup>[18]</sup>. Mais será a obra de Manuel Murguía, á súa vez o cerebro do Rexurdimento e ideólogo principal do rexionalismo, quen posúa máis autoridade letrada, influencia pública e proxección social. Pero cun importante antecedente: Murguía ten en Verea a narración do pasado pero soubo ler en Faraldo a interpretación política da narración dese pasado. O matiz é crucial.

Neste final do XIX na esfera pública acéptase, en termos xerais, uns feitos históricos que explican a identidade do país. Con outras palabras: acéptase unha narrativa da identidade galega contemporánea<sup>[19]</sup>. A importancia do celtismo, o legado dos suevos, o esplendor medieval (é neste tempo a descuberta das cantigas), a transcendencia de Compostela e do apóstolo Santiago, a existencia dun reino disolto en 1833, etc. Todo asenta uns límites do que é Galiza como *comunidade imaxinada*

[17] No ocaso oitocentista prodúcese un impulso nos estudos arredor do folclorismo español e a etnomusicoloxía. Mírese o acontecido coa *Sociedad del Folklore de Galicia*, promovida por Machado en conversa previa con Murguía até que o deterioro na relación persoal de ambos abriu as portas a Emilia Pardo Bazán. Na música (Pedrell e discípulos) ou na pintura (Sorolla, Zuloaga ou o galego Fernando Álvarez de Sotomayor) tamén se experimenta un especial interese. Mais a visión asimétrica sobre estas realidades culturais tomábanse como complementarias (por exemplo a paisaxe levantina non compite coa paisaxe castelá) dunha única realidade nacional: España. Pola contra, a xerarquización dos elementos identitarios así como a escolla dos exemplos referenciais acaba por someter unha visión á outra. Para a cuestión da literatura rexional é fundamental a tese inédita de Alonso Nogueira (2005).

[18] No ámbito español cómpre citar a publicación da *Historia general de España* (1850), de Modesto Lafuente, na cal ofrece unha “concepción historicista de la idea de España, fundada en dos pilares: la monarquía y la religión” (Villares, 2009: 206).

[19] Un aspecto crucial, na aceptación deste marco, é a unánime reacción contra a *galaicofobia* (estudada na tese de Alexandre Peres e divulgada no libro de igual nome). A chamada por Justo Beramendi “síndrome da aldraxe” afectaba ao conxunto do pobo galego, sen distinción de clase. Por tanto, obxectivamente había a necesidade de desmentir tales tópicos inxuriosos e, á vez, reformularlos en termos de prestixio nacional. Esta operación de reinterpretación en clave positiva sobre os elementos identitarios só é posible mediante unha intervención consciente e pública dos axentes letrados.

(Benedict Anderson)<sup>[20]</sup>. Establécese a comparativa do *nós* (Galiza-Atlántico) fronte ao *vós* (Castela-Mediterráneo), sen entrarmos nas consecuencias políticas desta distinción.

Os principais sectores aceptan a parcelación deste “obxecto de estudo”. Por tanto, inhabilitanse outras definicións nas cales Galiza aparece como anexo das crónicas doutros reinos (Castela, Asturias ou León). O protagonista é o pobo galego, e non outro.

Pola contra, o debate ábrese na avaliación política desa historia; é dicir, os elementos que definen a identidade galega son constitutivos dunha nación en proceso de toma de conciencia política ou elementos distintivos dunha expresión cultural entendida como antiga reliquia patrimonial que convén recolectar e describir (non sempre protexer nin conservar) pero negando toda carga política?

Na nosa opinión, o discurso nacionalizador triunfa, con todas as precaucións que lle poidamos achacar, como resultado dunha intervención na esfera pública por parte de elementos propiamente rexionalistas ou afíns a este sentir. Este marco discursivo, un territorio con identidade propia, foi creado a mantenta; está lonxe dun parto natural. Establecer o perímetro do que é Galiza como país en termos identitarios non é resultado dun feito gratuito ou un suposto caído do ceo sen ton nin son. Ao contrario: é unha comprensión en termos propios que as xentes (letradas e iletradas) aceptan na medida en que se identifican de maneira solidaria ou fraternal a través de costumes, lingua, xeografía, paisaxe... A identificación individual con este discurso (aínda tenue no efecto político) trasládase ao colectivo por medio do recoñecemento entre pares e en función dunha certa lóxica, unha sorte de predestinación: somos galegos, que outra cousa imos ser?

Un exemplo para cavilar arredor desta hipótese: os cabezallos xornalísticos optaron case de forma unánime en escoller referencias galegas e non españolas (*El Heraldo Gallego*, *Revista Galaica*, *La Voz de Galicia*...); na emigración fúndanse a Casa Galicia, o Centro Galego, os Padroados... Non é España, nin o español, nin Iberia, nin o ibérico. Estas identificacións non cuestionaban *per se* a españolidade dos seus redactores ou socios. Lembremos a famosa polémica sobre a ausencia da bandeira española na portada de *Vida Gallega* onde Eduardo Pondal, xa instituído como un dos poetas da nación galega, opta pola convivencia de ambas fronte quen preferían só a branquiazul<sup>[21]</sup>. A experiencia desta dupla identidade é verdadeiramente complexa.

[20] Unha comunidade imaxinada en termos históricos aos cales se lle engaden factores paisaxísticos, culturais ou étnicos. “Os elementos culturais non deben ser reducidos de nengun xeito a mera inmadurez pre-política do rexionalismo, simple etapa mecánicamente precedente á mobilización directamente política. Pola contra, suministrarán ao mesmo tempo o núcleo fundamentador da Galiza como comunidade diferenciada, a matriz agregadora desa comunidade por riba das diferenzas internas” (Maiz, 1981: 44).

[21] Sobre esta polémica e outras cuestións da vida de Pondal, vid. Ferreiro (1991).

### 2.3. A lingua como sangue da nación

Un poeta esquecido entre nós, Alberto García Ferreiro, ponlle unhas letras por carta a Murguía (30-X-1890). Conseguir a publicación dun dicionario e gramática galegas “sería un gran triunfo para el regionalismo literario, y por lo tanto, para el regionalismo político”.

O idioma será neste período finisecular o gran tema de observación política. A lingua emerxe no debate público arredor da definición das identidades nacionais con toda a carga política como primeiro elemento público da constitución nacional<sup>[22]</sup>. Se o idioma é síntoma de distinta nacionalidade, entón prodúcese unha colisión discursiva entre Galiza e España con fondas consecuencias<sup>[23]</sup>. Esta controversia está presente no famoso discurso de Pardo Bazán de 1885 que un ano despois atopa resposta no discurso de Murguía nos Xogos Florais de Pontevedra<sup>[24]</sup>.

Atrás quedaron outros factores preeminentes para descifrar a condición nacional dunha comunidade. Até a década dos 70 do século XIX, o elemento máis importante da constitución dun pobo con identidade propia era o *volksgeist* ou xenio nacional. A literatura galega non era entón aquela que se escribía en galego, senón aquela capaz de representar o *volksgeist* de Galiza. De aí a proposta analítica de González Millán (1994), coa súa característica lucidez, ao xebrar *nacionalismo literario* de *literatura nacional*<sup>[25]</sup>.

Mais agora, no último cuarto do XIX, a lingua representa un símbolo público de primeiro nivel: a *alma da nación*, en palabras de Saco Arce<sup>[26]</sup>. A disputa arredor da condición do galego como *lingua* ou *fala*, a súa codificación e investigación filolóxica,

---

[22] Mais debemos ter en conta modelos nos cales a lingua se subordina a outros elementos identitarios: “En la concepción d’aquests autors, la patria –el país- era el paisatge”, en palabras de Rafael Roca (2011) para o caso valenciá. A acumulación de material en clave identitaria faise no ocaso do XIX, coa Restauración asentada. Esta tarefa asúmese como un contributo rexional á identidade española. Na opinión de Archilés (2007: 498), a aparición do nacionalismo catalán organizado produciu a ruptura entre ambas *Renaixenças* e axudaría a afortalar a concepción rexional de Valencia dentro do Estado español. Dalgún xeito, era o modelo que propugnaba Pardo Bazán para o Rexurdimento.

[23] A retórica arredor do valor identitario das linguas é a mesma para o castelán como para o galego: teñen unha mesma “matriz ideolóxica”, en palabras de Alonso Nogueira. O conflito prodúcese na interpretación dunha realidade común vista dende ópticas distintas con intereses contraditorios e non complementarios. O reto para ambos era fixar o punto intermedio no cal convivisen ambas lecturas mais o devir deu nun conflito no terreo da lexitimidade política.

[24] A tensión entre Emilia Pardo Bazán e Manuel Murguía derivou nun conxunto de accións escritas, sociais e políticas antagónicas. Desa intensa dialéctica naceron os cimentos da literatura nacional galega. Para máis detalle, *vid.* Martínez González (2023).

[25] Sobre o cambio de criterio á hora de definir a cultura, *vid.* Martínez González 2017, 2023.

[26] Sobre a función da lingua no discurso nacional de Saco Arce, *vid.* Martínez González (2018b).

sucede no compás do romanticismo, interesado polas linguas populares. No ecuador do Rexurdimento devagariño aparecen traballos lingüísticos asinados por Luís Aguirre, Francisco Xavier Rodríguez, Francisco Mirás, Marcial Valladares, Xoán Cuveiro... Eles contribúen ao fixamento do idioma e, por tanto, á superación dunha visión pexorativa que consideraba como *dialecto* a aquelas falas carentes dos *rudimentos da lingüística*; é dicir, aquelas sen gramática, dicionarios e tradición literaria.

Pero esta forma de comprender o idioma, ou o uso por parte dos rexurdimentistas da palabra *dialecto* para referirse ao galego, modificárase de acordo ás tensións nacionais. Cánovas, no seu discurso de 1882, fixa a diferenza: “lo más natural en las naciones es tener comunidad de idioma, aunque cada tronco lingüístico críe ramas divergentes y hasta parásitas que es lo que son por lo común los dialectos”. A cita é elocuente.

Emporiso, a mediados do XIX a posición das xentes de letras asentadas en Madrid caracterizárase pola aceptación da diversidade idiomática (mírese Menéndez Pelayo ou Gumersindo Laverde en cadansúa historia da literatura española). A lingua non supuña un desafío a España como unidade nacional nin ao castelán como lingua común. Ao revés, tomábanse como elementos dun pasado compartido sen necesidade de batallar o rol central do castelán, asumido polo *habitus*. Desa maneira, por exemplo, Víctor Balaguer aspiraba a constituír unha confederación de literaturas rexionais, a creación dun campo literario rexional, en paralelo a unha forma política de comprender España en termos de republicanismo progresista.

Un bo exemplo desta mudanza na lectura política das literaturas e linguas sucede coa convocatoria dos Xogos Florais, entendidos xa como unha peza máis da “monumentalización do espazo social” como ten advertido Josep Maria Domingo en distintas ocasións. A este respecto indica Máiz: “dotados dun carácter marcadamente literario nun principio, pasaron a adquirir nos momentos de meirande axitación rexionalista unha significación directamente político-cultural como actos de afirmación patriótica e nídido vencellamento rexionalista” (1984: 45)<sup>[27]</sup>. Para comprobalo, basta referir o xiro de Núñez de Arce quen en 1868 asiste aos *Jocs Florals* presididos por Balaguer (acabado de chegar do exilio) pero en 1886 afirma no discurso do Ateneo que “el renacimiento literario del antiguo Principado sólo pensó en reavivar odios anacrónicos y resucitar rivalidades de largo tiempo atrás extinguidas”, condenando esta literatura por querer “escarnecer, calumniar y maldecir a Castilla”<sup>[28]</sup>. Para o caso galego convén deterse nas dúas convocatorias de

[27] Na mesma liña, Villares apunta: “La realización de los Juegos Florales, que comenzaron como justas poéticas dedicadas a las patrias locales, abrió el camino hacia un progresivo patriotismo lingüístico. Y la confusión entre uso literario de una lengua y el regionalismo ‘separatista’” (2009: 230-231).

[28] *Discurso leído por D. Gaspar Núñez de Arce el día 8 de noviembre de 1886 en el Ateneo Científico y Literario de Madrid con motivo de la apertura de sus cátedras*. Est. Tip. Sucesores de Rivadeneira: Madrid.

1861 (A Coruña e Pontevedra) para cotexalas coas celebradas en 1886 (Pontevedra) e 1891 (Tui)<sup>[29]</sup>.

A paisaxe, a tradición popular ou a historia erixíanse na metade do XIX como os elementos principais da construción discursiva pivotando na “dupla lealdade”, como sinalou Fradera. Por tanto, sen necesidade de cuestionar o marco común e sen necesidade de explicar esa combinación entre a *patria grande* e a *patria pequena*<sup>[30]</sup>. “Si Galicia pudo dejar de ser alguna vez mi patria política, era siempre mi patria literaria porque era mi patria natural”, expuxera en Santos do 46 (meses despois da revolución comandada por Faraldo) Pastor Díaz, home central da política española designado a prologar os *Cantares* rosalianos que só a morte impediu.

Mais será no decaer de século que a lingua anexe un público valor supralingüístico deica os discursos entrar en confronto. Isto acontece dentro do contexto do chamado *darwinismo lingüístico* (defendido por Pardo Bazán, Galdós ou Núñez de Arce)<sup>[31]</sup>. Núñez de Arce, no seu discurso do 86 no Ateneo, resume: “todos los idiomas o dialectos indígenas” diluiranse no idioma nacional, o castelán. Estas concepcións glotofáxicas operan nun panorama político onde a “dupla lealdade” se desintegra entre o ascenso de discursos identitarios dicotómicos: aceptar a subordinación do galego fronte ao castelán ou defender a posición de iguais. O debate prodúcese acomén do conflito político entre centralismo e rexionalismo.

Neste contexto politizado acotío se recollen explicacións exculpatorias de autores conscientes de que unha posición pro-galego puidese interpretarse coma un cuestionamento de España ou do castelán. Uns comentarios denantes innecesarios

[29] A tensión interna na organización dos Xogos Florais, na composición dos xurados, nas obras premiadas, nos autores participantes... aumentou de xeito significativo entre 1875 e 1880. Sobre este conflito, delatador da loita pola apropiación do capital simbólico dos Xogos Florais como un certame de prestixio e institucionalizador dun discurso, vid. Martínez González: “Análise dos Xogos Florais do XIX. Lecturas opostas, conflito e tensión no Rexurdimento” (inédito).

[30] No caso galego é paradigmático o progreso discursivo de Murguía dende o *volksgeist* inicial deica situar o idioma como o escudo da nosa nacionalidade. Para máis detalles sobre os contidos, evolución e interpretación político-cultural da construción do imaxinario nacional colectivo en Manuel Murguía, vid. Martínez González (2017).

[31] Esta tese, presente en toda Europa, sostiña que as linguas con futuro son aquelas vencelladas ao estado-nación ou a poboacións moi grandes. Os casos contrarios (como o galego) desaparecían por mor da evolución natural. Hobsbawm (2022: 65) recolle, nesta mesma época, varios testemuños como o do reverendo Griffiths para o galés ou do socialista Karl Kautsky para o checo. Pardo Bazán pronuncia no discurso de 1885: “El impulso inevitable de toda nacionalidad á extinguir los dialectos y á que prevalezca el más perfecto y general de entre ellos, que constituye la lengua patria. [...] ¡Desdichada mil veces la lengua que carece de la consagración literaria! Por illustre que sea su origen, al cabo vendrá á convertirse en el aullido de la fiera, en el grito salvaje del mísero labriego que habla á su yunta de bueyes poco más racionalmente de lo que ellos podrían contes-tarle” (1888: 10).

pero agora de necesaria cita. A propia Pardo Bazán, no número un da *Revista de Galicia* (1880), aclara que “reanimar el espíritu provincial” non pode implicar o illamento “del movimiento de la nación a la que pertenecemos”.

En resumo, a lingua ocupa o lugar máis visible desta identidade desprazando outros factores ligados ao *volksgeist*; o idioma “é o que nos dá dereito á enteira posesión da terra en que fomos nados, que nos di que, pois somos un pobo distinto, debemos selo; que nos pormete o porvir que procuramos [...] Nel áchanse os principaes elementos da nosa nacionalidade”, segundo pregou Murguía nos Xogos Florais de Tui. Este tipo de afirmacións resultarían peregrinas, prescindibles ou anecdóticas na primeira metade do XIX; agora, en 1891, implican un discurso político sostido no idioma.

A lingua, constituída no decorrer secular, vén acompañada dunha gran carga afectiva e emocional. Unha lingua vista como *idioma* para uns, como *habla* para outros. A distinción non é baladí como Pardo Bazán alerta na conferencia de 1885: “el castellano nuestro verdadero idioma” ou “lengua patria” fronte ao “dialecto” ou “lenguaje” galego. Un ano despois, a mesma partitura aparece no Ateneo de Madrid da man de Núñez de Arce xebrando a “lengua nativa”, só aceptable como *patois*, do “idioma nacional” capaz de acadar a “perfección” e a “universalidad” da que carecen os dialectos.

O embate entre as dúas formas de comprender o Rexurdimento reside, en parte, no papel que se lle outorga á lingua como proxección política no tatami rexionalista. Como facer dunha comunidade obxectivamente distinta da castelá se integre como extremidade articular dun discurso baseado na existencia dunha única nación española cun só idioma propio que, á súa vez, é constitutivo desa nación española?

### 3. Lectura e interpretación dos textos. Da palabra aos feitos

A identificación política dos Murguía de Castro coa onda progresista e republicana é coñecida<sup>[32]</sup>. Eis a súa paisaxe natural, con engado do acento patrio. O inicio dun proceso constituínte permitiu abrir a fiestra ao federalismo, sobre todo coa proclamación da República do 73: “reconocía autonomía político-administrativa a los estados federales pero se trataba de una autonomía limitada por la existencia del estado, por la soberanía de la nación” (Fusi, 2000: 179).

A Restauración, como explicamos en anteriores páxinas, trouxo consigo o obxectivo de constituír un estado moderno no cal se exclúe a descentralización

---

[32] O derrame republicano trouxo consigo consecuencias para Murguía: a destitución como director do arquivo do Reino de Galiza. Un cesamento producido uns meses antes de acadar o dereito de pensión por xubilación.

administrativa<sup>[33]</sup>. Para isto establécese unha idea de España articulada na Constitución de 1876 e doutrinalmente retratada no citado *Discurso a la nación* (1882) de Cánovas.

Este *meeting* inauguraba o curso do Ateneo de Madrid. Orador, lugar e público outorgan ao texto unha dimensión extraordinaria. O contido político é pura explosión: “las naciones son obra de Dios o, si alguno o muchos de vosotros lo preferís, de la naturaleza”<sup>[34]</sup>. Juan Pablo Fusi (2000: 181-182) escribe:

El régimen de 1876 se fundamentó, ciertamente, en una concepción unitaria de España como nación [...]. Cánovas fue un hombre movido por un intenso sentimiento nacional y dotado de un extraordinario sentido del Estado. [...] Cánovas, efectivamente, creía no solamente que España era una nación y como tal, según dijera en su discurso del Ateneo de 6 de noviembre de 1882, indisoluble; sino que, además, daba por indiscutible que su unidad tenía por vínculo una nacionalidad única y común, nacida en la Reconquista y forjada a lo largo de los siglos.

Ao longo da exposición, asentada nunha visión esencialista e etnicista, detéctanse en Cánovas tres elementos centrais para definir a nación: o territorio, a raza e a lingua<sup>[35]</sup>. Será esta última a “primera prueba” de nacionalidade. Unha lingua en situación preminente que era discutida polo *Centre Catalá* ao reclamar a cooficialidade do catalán. Os idiomas adquiren un posto protagónico na batalla política na esfera e opinión públicas. Un combate consciente do poder supralingüístico e da loita por configurar referencias simbólicas incompatibles como o mesmo Murguía proclama: lingua distinta acusa distinta nacionalidade.

Neste seguinte epígrafe establecemos dúas áreas de análise conectadas fixando o foco na lingua. Unha primeira arredor dos conflitos xerados no espazo público literario entre a aparición do rexionalismo político e a súa reacción en Madrid; e unha segunda sobre como se reproducen en Galiza estes conflitos. O noso propósito é

---

[33] “Una ley de diciembre de 1876 sienta las bases de esta centralización: los alcaldes de poblaciones superiores a 30.000 habitantes serán nombrados directamente por el rey, mientras que los gobernadores civiles ejercerán una supervisión estricta de los presupuestos municipales” (Villares, 2009: 32).

[34] En consonancia, nega explicitamente o concepto de “plebiscito cotián” que Renan expuxera precisamente nun discurso de marzo dese 1882, ou a participación humana na construción nacional conforme a corrente do nacionalismo cívico de Mancini.

[35] Gómez Ochoa (2000: 156-158) analiza o concepto de nación en Cánovas: “Para él, se trataba de un conjunto de hombres reunidos en un territorio por accidentes históricos sobre quienes actuaron diversos factores aglutinadores (raza, parentesco, lengua) que generaron con el tiempo un vínculo de comunidad indisoluble. La nación, fruto de un largo proceso histórico, estaba unida por principios anteriores y superiores a todo pacto social expreso”.

amosar unha dialéctica no impacto dos discursos sobre o concepto do Rexurdimento e a idea de país.

### 3.1. Algo máis ca literatura: prensa, certames, discursos, polémicas...

Apenas tres meses despois do discurso de Cánovas viría a contrarréplica a cargo de Víctor Balaguer<sup>[36]</sup>. Cánovas falara no Ateneo, Balaguer na Real Academia Española. Por tanto, dous espazos solemnes con capacidade lexitimadora e institucionalizadora do discurso.

O escritor catalán fixo especial louvanza da pluralidade lingüística do estado (entre ela o galego e a obra de Rosalía) e propón un modelo de literatura rexional no cal a produción literaria, sexa cal for a lingua, formasen parte desa España plural e descentralizada coa que soñaba<sup>[37]</sup>. A resposta a este discurso de ingreso corría a cargo do tribuno, cada vez menos republicano, Emilio Castelar. Dende o inicio precisa aclarar: “Grande la región catalana; pero ¡cómo se abrillanta y magnifica dentro de nuestra común patria, la nacionalidad española!”

A escolla como académico e o discurso de Balaguer alcendeu a tensión. Clarín, no artigo titulado “La siniestra corneja” (publicado en *Sermón perdido*), non aforra palabras: a literatura en catalán non está á altura da española. O estilo de Balaguer táchao de “cursilería” e conclúe que o seu ingreso na RAE non é por méritos literarios senón para “que tuvieran legítima representación las literaturas regionales”<sup>[38]</sup>.

Neste lustro (1882-87) estamos no ollo do furacán. Na esfera pública estoura o conflito político-cultural sen miramentos. A refrega protagonizarana os prebostes da intelectualidade española fronte aos prebostes rexionalistas cataláns e galegos.

A polémica entre Valentí Almirall e Gaspar Núñez de Arce a raíz da publicación de *Lo catalanisme* e discurso-réplica do segundo no Ateneo de Madrid (1886)<sup>[39]</sup>;

[36] “Significado e importancia de las literatura regionales”, discurso de ingreso na RAE o 25 de febreiro de 1883.

[37] Apuntemos este dato para posteriores reflexións: as diferenzas e semellanzas entre os discursos dados por Balaguer en 1875 no ingreso na Real Academia de Historia e en 1883 na Real Academia Española.

[38] Clarín (1885: 293), tan próximo a Pardo Bazán, dedica unhas severas liñas á literatura galega: “Y si yo publicara mis artículos con caricaturas, aquí pondría una que figuraría un gallego con la cuba al hombro, echada atrás la montera, y rascándose la cabeza, puesto el pie en la escalera de la Academia.

-El portero: -¿A dónde va usted, buen hombre?

-El aguador (en gallego de teatro): -¡Pus me gusta; vengu a representar en el Diciunariu la lengua de miña terra!...”

[39] Naquel intre Arce era o presidente da *Sociedad del Folk-Lore Castellano* pero ademais xa execera como Gobernador Civil de Barcelona e de Ministro de Ultramar. O discurso foi impreso, como tamén o foi a *Contestación* que publicou Almirall ao fío da polémica.

o artigo de Galdós en agosto do 86 e a resposta dende o *Diario de Barcelona*<sup>[40]</sup>; o aberto ataque de Juan Valera dende a *Revista de España* (xullo de 1887) que baterá coa intervención de *La España Regional*<sup>[41]</sup>; as proclamas contra o rexionalismo no discurso de ingreso de Sánchez Moguel na *Real Academia de la Historia* (1888) coa consecuente reacción de Murguía na revista *Galicia...*

Cómpre reparar na relevancia dos autores, lugares e medios que protagonizan este aceso debate público. Un debate que manseliñamente se viña dando pero que agora se abre en plenitude. Almirall, ao fío do discurso de Núñez de Arce, escribe: “Vos [por Núñez de Arce] habéis tenido la suficiente energía [...] para romper la consigna y poner á discusión un tema que vuestros colegas se habían vedado tratar”. E no retruque de Valera a Almirall lemos: “el mejor medio de combatirlos [os rexionalismos] es verlos y hacerse cargo de todo y responder a todo”.

Velaquí pois un dos nós do conflito político finisecular de discursos coincidentes no argumentario pero incompatibles nas referencias identitarias. Esta paisaxe expresouse igualmente en Galiza. A tensión do confronto político arredor da lingua ou da identidade levouse ao escrutinio público por medio da prensa, libros ou conferencias. Sobre isto trataremos a continuación.

### 3.2. O galego como conflito de identidades

Se cadra, o primeiro fito do rexionalismo tras a queda da República será a aparición de *La Ilustración Gallega y Asturiana* (1878-81)<sup>[42]</sup>, que contará con Murguía na

---

[40] No diario bonaerense *La Prensa*, o afamado escritor cargou contra o uso dos *dialectos* máis alá da poesía popular. Algunhas sentenzas son paradigmáticas do conflito que se experimenta no campo político-literario: “la poesía vive perfectamente en los idiomas ingenuos y sin cultivo, casi mejor que en los muy trabajados; pero querer hacer del catalán la novela contemporánea, que requiere una dicción extremadamente rica y flexible, me parece absurdo” (citamos por Alonso Nogueira, 2005: 102).

[41] Valera tacha de “movimiento separatista, aunque se tome por meramente literario” o uso escrito do catalán. Os comentarios contra os rexionalismos (“catalanismo anti-castellano”) son virulentos:

“nacen del abatimiento colectivo y de la singular o particular soberbia las más deplorables, anárquicas y disolventes maneras de pensar [...]”.

En balde es que el regionalismo catalán se encubra con el traje literario. Al abrigo de este traje, cuando no late el corazón separatista, se fomenta y se incuba el sentimiento de imaginada o de real superioridad, con sus inevitables consecuencias, poco favorables para Castilla”.

En todo caso, o autor nin nega a “individualidad catalana” nin que o catalán “es lengua, no dialecto” nin deixa de aplaudir os méritos literarios de Oller ou Verdaguer. Pero apostila: “tal vez ganaríamos más, ellos y nosotros, si todo eso estuviera desde luego escrito en la lengua castellana, que ya debe llamarse y se llama *españolola*” [cursiva no orixinal].

[42] Dentro da corrente favorable á literatura rexional aparecen outros cabezallos como *La Revista de España* (1872), *La Revista de Asturias* (1876) ou *La Revista de Aragón* (1878).

dirección, coa colaboración dun activo Alfredo Vicenti en clave rexionalista e cun Alejandro Chao como soporte económico, pero tamén como un marchamo político progresista e republicano.

O proxecto publicístico atopou un rival: *Revista de Galicia* (1880), dirixida por Emilia Pardo Bazán e que González Millán (2004) interpreta como un espazo de “articulación ideolóxica” do rexionalismo folclorizador. Fronte á clara vontade rexionalista de Murguía (unha revista escrita por e para galegos; inscrita no marco de Galiza), Pardo Bazán aclara dende o seu primeiro número (4-III-1880) que cómpre que “las *Revistas* informen a la nación de cuanto sea digno de nota en la cultura provincial, y enteren a la provincia de lo que la nación piensa, trabaja y escribe” (unha revista inscrita no marco de España). A razón explícase porque ela establece o “criterio nacional, criterio sobrado desatendido, por desdicha en nuestra patria”<sup>[43]</sup>. En conexión con isto, Isabel Burdiel (2019: 122-123) anota: “Pardo Bazán proyectó para esta *Revista* unos objetivos que bebían en fuentes similares a las que inspiraron su *Teoría del absolutismo*. Tan solo una firme conciencia nacional y un impulso común de afirmación dirigido por élites cultas y conscientes de su misión podrían colocar a España en condiciones de competir con Alemania, Francia o Inglaterra”.

Mais aparece un terceiro protagonista no escenario: a emigración. En 1878 o exiliado republicano Waldo Álvarez Ínsua inicia a publicación d’*El Eco de Galicia* (1878-1902), con marcado carácter rexionalista. Ademais, Waldo promoverá a fundación e logo formará parte da directiva do todopoderoso Centro Galego da Habana (1879). Persoa e institución será decisivas para a vida dos Murguía de Castro pero tamén para a divulgación entre as masas e a consolidación entre as elites dun discurso claramente rexionalista no político. A emigración galega en Cuba converterase nun piar decisivo.

Por outra parte, nesta altura establécese a correspondencia entre Murguía e Antonio Machado. No 1881 comentan o propósito de fundar unha sociedade folclórica para o estudo desta materia en España. Pero as tensións habidas entre eles deica romper relación, por motivos apuntados por Barreiro Fernández (2012: 626-636) permitiu afianzar a relación de Machado con Pardo Bazán. Malia que ela reitera o seu descoñecemento sobre a cuestión rexional ou a poesía popular, Machado acaba por convencela para aceptar a presidencia da *Sociedad del Folk-Lore Gallego* (1884) a carón dun rexionalista próximo a Murguía como era Salvador Golpe co cargo de secretario. O discurso inaugural supón novamente unha manifestación do concepto de *rexionalismo folclorizador*: recoller as tradicións e costumes con fin de arquivalos

---

[43] Convén lembrar o silencio nesta revista das obras *Follas novas* de Rosalía, *Aires da miña terra*, de Curros ou *Saudades* de Lamas Carvajal; obras fortemente louvadas por Vicenti en *La Ilustración Gallega y Asturiana*. Mais debemos puntualizar que si se publicaron dous poemas anticipo da obra de Curros, mais non a crítica nin a recepción do poemario.

para conservar a súa memoria como consulta de algo que morreu ou debía morrer<sup>[44]</sup>.

No proceso de conformación do campo político-cultural galego, na procura tanto da súa definición como da súa autonomía, un feito sobresaie sobre calquera outro: a velada homenaxe a Rosalía de Castro, en setembro do 1885. Verbo disto temos escrito abondo nesta mesma revista para non volver sobre o detalle pero si cómpre resaltar protagonistas, lugar e medios como ferramentas de institucionalización, canonización e lexitimación do discurso: Emilia Pardo Bazán e Emilio Castelar, o *Liceo de Artesanos de La Coruña* e a publicación do libro *De mi tierra* (1888), que inclúe o citado discurso da condesa.

En síntese, a conferencia de Pardo Bazán (reforzada simbolicamente pola presenza aquiescente do expresidente republicano Castelar, prologuista das *Follas novas* de Rosalía) supón, por citar só o que afecta neste traballo, unha condena pública do rexionalismo político e un anatema contra a literatura galega, o seu idioma e o seu uso como elemento identitario. A resposta viría meses despois.

Pero entrementes media a publicación de *Los precursores* (1886), o primeiro volume da chamada “Biblioteca Gallega”. Unha patriótica iniciativa impulsada polo maragato Andrés Martínez Salazar, quen á súa chegada ao Arquivo do Reino de Galiza establecerá con Murguía ligazóns duradeiras.

A recepción tórnase polémica. Dúas das personalidades máis destacadas da intelectualidade española comentan en cartas cruzadas: “libro archirromántico, tristón y nebuloso, y lo que es peor, saturado de malas ideas de todos los géneros, entre las cuales descuella un *separatismo* ridículo, que dudo tenga secuaces en Galicia” (a cursiva é do orixinal), coméntalle Menéndez Pelayo a Gumersindo Laverde. A resposta do segundo: “no me sorprende lo que dices del libro de Murguía. De ese pie cojean todas sus obras: tiene la manía del celtismo”. Fronte a esta lectura álzase a gabanza da comunidade galega na Habana por medio d’*El Eco de Galicia* (núm. 211, 11-VII-1886)<sup>[45]</sup>:

Murguía –tan discutido y tan despiadadamente atacado- será siempre el primer literario gallego: su estilo fluido, elegante, melancólico, sonoro y brillador. [...] Alma por demás sensible, corazón puro y desposeído de las feas pasiones que algunos le atribuyen, es Murguía el sereno maestro que enseña a los que vienen, a cuantos le siguen, de que manera debe ser amada la patria, que clase de luchas hay que librar para vencer a sus

[44] Léase o discurso en *El Folklore Gallego en 1884-1885, sus actas y acuerdos, y discursos de Emilia Pardo Bazán y memoria de Salvador Golpe* (1886).

[45] No territorio galego, *La Voz de Galicia* ou *El Regional* aplauden o ritmo rexionalista do ensaio, quen ten moito de proxecto político a partir da configuración dunha memoria silenciada que pasa polo filtro ideolóxico do autor. Son coñecidas e polémicas algunhas das ausencias deste volume que sitúa no primeiro capítulo a Antolín Faraldo, o líder da revolución de 1846 e texto-guía para as seguintes biografías sobre o brigantino.

enemigos y derribar las viejas murallas que la rodean, cuales son y de que género, los sacrificios que demanda y pide los suyos. [...] Él da las reglas, indica la ruta, allana los escollos y barre los abrojos, ¿qué más puede exigírsele? *Los precursores* es la ofrenda consagrada a la patria.

O viúvo ausente da homenaxe do ateneo herculino será convidado a presidir os Xogos Florais de Pontevedra en 1886, que contaba co tradicional certame literario pero tamén un certame musical<sup>[46]</sup>. Farao na semana das festas grandes da Peregrina (subliñemos, unha vez máis, a relevancia do contexto no cal se realiza o discurso). O convocante é un dos primeiros xornais monolingües en galego, *O Galiciano* (1884-88)<sup>[47]</sup>, o cal é de por si dun forte poder simbólico pola importancia outorgada ao idioma e, sobre todo, cando algunhas voces negaban a validez da lingua galega para a escrita prosística, relegándoa ao papel lírico cos límites establecidos por Pardo Bazán como lírica costumista, paisaxista e popular. Pero ademais o orador falará tras ser escolleito polas deputacións como Cronista Xeral de Galiza en 1885; un cargo honorífico pero de enorme valor en canto é unha “investidura pública”, de grande incidencia institucionalizadora e de recoñecemento social por parte tanto dos elementos administrativos (deputacións) como do colectivo emigrante (nomeadamante a colonia galega en Cuba e Arxentina).

O acto celebrouse no Teatro Principal. As palabras de Murguía, de inicio a fin, conteñen un enorme peso político<sup>[48]</sup>. Atraveso da retórica, faino cómplice cos presentes: “Todos sentís por Galicia el amor que ni se cansa ni se acaba. [...] No os hablo en este momento como hombre de partido, ni obedeciendo a sus mandatos, sino pura y simplemente como hijo de Galicia”. A razón da súa presenza débese a que esta convocatoria é produto do “espíritu regional”.

Murguía asenta unha primeira idea: o rexionalismo galego non é “hija de la moda pasajera” senón un signo dos tempos; unha segunda idea: nin a revolución francesa puido unificar as linguas xa que cando pretendía camiñar “hacia la noble quimera

---

[46] Cómpre poñer o ollo na importancia que a música vai adquirindo neste período. Vid. Costa (1999) e Alonso Monteagudo (2024). No certame interpretouse a peza “Bágoas e sonos” de Marcial del Adalid, un dos compositores fundamentais da música clásica que entón triunfaba en Europa. Sobre Adalid recomendamos o estudo de Touriñán Morandeira (2023) ou a consulta da completa web que a RAG dedicou ao compositor, [www.marcialdeladalid.academia.gal](http://www.marcialdeladalid.academia.gal)

[47] *O Galiciano* e o seu sucesor *O Novo Galiciano* suman case cinco anos de publicación, coas súas idas e vidas. Un equipo de redacción pouco coñecido pola investigación académica rexurdimentista: Rufino Rivera Losada, Juan Manuel Rodríguez de Cea, Francisco Portela Pérez... Este último, por exemplo, é o autor da *Colección de poesías gallegas de varios autores* (1882), que é, malia o título, a primeira antoloxía da literatura de textos só en galego.

[48] Maiz define o discurso de Murguía en Pontevedra como un “auténtico manifiesto político e chamada á loita pola recuperación da dignidade nacional de Galiza” (1984: 45).

de la lengua universal, renacían y se mostraban los dialectos”; unha terceira idea: na península hai “pueblos verdaderamente europeos” e “pueblos cuyo origen, cuya raza y civilización es por entero africano”, polo cal pregúntalle ao público: “¿Qué lazo de sangre, que lazo histórico ha de unir naciones cuya cultura tiene tan distinto origen y fundamento?”

A continuación, o orador comparte as súas propostas resumidas en dous grandes lemas: o rexionalismo político e o idioma<sup>[49]</sup>. A chamada ao rexionalismo político: “como seres vivos [refírese ás nacións], los organismos político-regionales, rechazan por instinto la centralización; esto es, la muerte”; a promoción do idioma: “las lenguas son las verdaderas banderas nacionales: llevan sus propios colores. Conservemos la nuestra y peleemos en su nombre y a su sombra”. As afirmacións son severas, contundentes, radicais no contido e terminantes nas consecuencias.

A intervención de Murguía xerará controversia<sup>[50]</sup>. Os rivais políticos saíron á palestra. *El Correo Gallego* de Ferrol non aforra aldraxes: “regionalismo de cartón”, “su secta [rexionalista]” ou “¡Mercachifles literarios, andad a paseo!”. Ao costado do polígrafo nacionalistaponse Aureliano Pereira dende o xornal de significativo título *El Regional*: “los diarios gallegos debieran inspirarse en las ideas contenidas en el notable discurso del Sr. Murguía”<sup>[51]</sup>; ou *La Justicia* de Pontevedra, con liñas especialmente reveladoras: “El Señor Murguía acierta en él [discurso] con la verdadera tendencia del creciente culto que en España obtienen los dialectos, como protesta contra la centralización”<sup>[52]</sup>.

Alén de nós tamén haberá eco. O discurso, lonxe de dirixirse só ao público pontevedrés ou galego, débese ler como unha proclama a prol do rexionalismo político sostendo a bandeira lingüística como elemento identitario de primeira categoría. Un discurso, como dixemos, que se albisca como unha resposta ás palabras de Pardo Bazán. *La República* (núm. 808, 1-IX-1886)<sup>[53]</sup> en Madrid, *La España Regional* (tomo II, 1886) en Barcelona ou *Galicia Moderna* (núm. 72, 12-IX-1886), da Habana reproducen integramente a disertación do polígrafo nacionalista.

[49] “Murguía vencella desde o comenzo da súa intervención os Xogos Florais ao movemento rexionalista galego, empregando a expresión por vez primeira en toda a súa dimensión político-ideolóxica” (Máiz, 1984: 60).

[50] As críticas chegaron ao plano persoal, recorrente cando a vítima é Murguía. Torcuato Ulloa escribe: “parece un pilón de azúcar con sobre-todo oscuro” (*Crónica de Pontevedra*, núm. 88, 17-VIII-1886).

[51] Citado por *El Eco de Galicia*, núm. 220 (12-IX-1886).

[52] Crónica asinada por E. S. y R. en *La Justicia* núm. 49 (4-II-1887).

[53] Este periódico foi o órgano do Partido Republicano Federal Español. Ideoloxicamente pertence á liña de Pi i Margall.

Por outra banda, o impacto do discurso de Murguía provocou un paso adiante na promoción do rexionalismo. En outubro do 86 tres xornais, con cadanseu destacado director, lanzan unha campaña en defensa dos intereses galaicos: *El Regional* de Aureliano Pereira, *El Libredón* de Alfredo Brañas e *La Región Gallega* de Murguía. Eis aquí, se cadra, a primeira expresión pública dunha acción claramente política de marchamo rexionalista e acontecida no contexto que estamos tratando. As sentenzas publicadas son contundentes, como lemos no conservador *El Libredón* ao describir o centralismo como “el cáncer que nos consume, lo que nos empobrece y rebaja nuestro carácter nacional”.

Os postulados desta tríade desatou a intervención de sectores antagónicos, tamén por medio da prensa que, grazas ao seu “sentido de simultaneidade social” (en palabras de Benedict Anderson) vai expresar a tensión vivida no país entre as *clases educadas*. Para nós o máis importante é que se traslada ao público o debate arredor do rexionalismo, a súa definición en termos políticos e a súa acción en canto intervención. Xa non falamos de poemarios ou certames literarios: falamos de definir o papel da lingua en termos político-identitarios como un elemento constituínte da nación, entre outros aspectos. Mais, en síntese, a campaña procuraba elaborar o seu propio *Memorial de Greuges*.

*La Voz de Galicia* da Coruña, *Eco de Galicia* de Lugo (non confundir co editado na Habana), *El Correo Gallego* de Ferrol, *La Crónica de Pontevedra...* repárese, pois, na distribución xeográfica desta prensa que participa no debate público para comprender que esta cuestión se viviu en todo o país. Ao respecto son propicias por descritivas as seguintes liñas d’*El Eco de Galicia* de Lugo (núm. 146, 23-X-1886):

Conviene [...] definir la palabra objeto de la discusión, explicar con precisión los límites dentro de los cuales ha de desarrollarse el regionalismo, sin extraños razonamientos, y enumerar los medios que para ello han de emplearse.

Es necesario también detallar las relaciones que una región determinada debe conservar con el poder central y con las demás regiones. [...] Si así no se procede en la campaña emprendida, nos agitaremos constantemente en un círculo de aspiraciones, que tienen más de poéticos ensueños que de proyectos utilizables.

La poesía es muy a propósito para solaz y recreo del alma; pero ni con ella se fabrica el pan, ni es moneda para el pago de los tributos, ni los usureros la consideran como letra negociable.

Si la campaña regionalista ha de generalizarse y la prensa gallega ha de llevar a la obra común su grano de arena, forzoso es que los iniciadores del pensamiento expongan con claridad qué es lo que quieren y a donde van.

No basta coincidir con las aspiración general del regionalismo; es preciso que todos sepamos si se trata de una mera descentralización administrativa o de una verdadera autonomía compatible con las doctrinas del federalismo.

Neste clima, máis afiado en Cataluña, sucede a severa intervención contra os postulados rexionalistas galegos. O protagonista será Núñez de Arce, no discurso de apertura do Ateneo de Madrid, o 8 de novembro dese 1886. Unha vez máis, cómpre subliñar orador-institución-público para comprender a magnitude. O conservador e monárquico *La Época* (núm. 12321, 9-XI-1886) interpreta as palabras de Arce no contexto de tensión política co *Centre Catalá* pero tamén para poñer “en tela de juicio las [aventuradas ideas] que el historiador gallego Murguía, regionalista convencido, llamaba en su reciente discurso de los juegos florales de Pontevedra”. Daquela aparecera, con Murguía como director, o diario *La Región Gallega* (1-X-1886) que dende o primeiro número fixa o estado da cuestión: “¿Qué es una nación?” ou sentenza que “A la región debe confiársele el cuidado de su lengua, de su literatura, de su arte, de sus costumbres y leyes especiales de derecho privado, y de sus intereses particulares”<sup>[54]</sup>. Repárese que é a lingua o primeiro elemento citado para estar ao coidado da *rexión*.

Sob o título *Estado de las aspiraciones del regionalismo en Galicia, país vascongado y Cataluña*, porá sobre a mesa (“bueno es fijarse en estas cosas con algún cuidado”, dirá para gusto de Almirall) unha das tensións centrais da España do seu tempo. Pero fai distingo entre un rexionalismo que procura unha “amplia descentralización administrativa” e un rexionalismo que procura “proclamar audazmente la ruptura de todos los lazos nacionales, y por ende, el aniquilamiento de nuestra gloriosa España”.

Esta distinción amosa un certo grao de aceptación do rexionalismo descentralizador no cal a lingua non interfira na identidade nacional española (como desliza Murguía en Pontevedra) ou que desactive proxectos exclusivamente rexionalistas, como eran o *Centre Catalá*.

Con respecto ao idioma, Núñez de Arce aclara expresamente dende o inicio: si á aceptación dos dialectos como “lengua nativa por menguado y pobre que sea el territorio en que se habla”, “lengua del hogar, de las ternuras maternas, de las alegrías y tristezas con que nos acoge la vida, de las puras creencias y de los castos recuerdos de infancia”. Fronte a eles, o idioma nacional “la lengua en que se estudia, se negocia, se litiga, se ambiciona y se consigue”. A diferenza, con cadansúa connotación, fala por si soa.

---

[54] O xornal era propiedade do republicano federal Faustino Orantes Magallón, quen participará na asemblea federal de 1887. O lema da publicación recollía aqueloutro d’*El Porvenir* de Faraldo e de *La Oliva/El Miño* dos Chao: “Todo por Galicia y para Galicia”. Deixou de publicarse meses despois. *El Correo Gallego* (núm. 2405, 12-XI-1886), no ronsel das críticas pronunciadas por Núñez de Arce no Ateneo de Madrid, acusa a *La Región Gallega* de “incurrir en las ridículas algaradas con que Cataluña se distinguió recientemente”; é dicir, nas “locas doctrinas proclamadas en el Centre Catalá”. Porque, como analiza Máiz, dende este xornal aparece “o primeiro texto rexionalista no que se explicita, por máis que con innegábel vaguedade, a esixencia de autogoberno” (1984: 63).

Tras mostrarse preocupado pola tensión lingüística en Cataluña, analiza do seguinte xeito a realidade lingüística de Galiza:

Estas diferencias radicales en la manera de considerar el elemento lingüístico producen lógicamente diferencias no menos hondas en la índole y dirección de las literaturas particulares. Lo mismo en Galicia, cuyo regionalismo se dibuja hoy como embrión informe, que en las provincias vascas, en donde aquella tendencia ha adquirido determinaciones más precisas, los escritores que en ambos países impulsan el movimiento literario, no se desdennan de escribir tan corrientemente como el habla nativa, la lengua castellana. En sus colecciones de poesías, en sus revistas, en sus libros alternan fraternalmente una y otra; en ambas exponen sus quejas y alimentan sus esperanzas, y con espíritu más amplio que el de muchos literatos catalanes, comprenden que, tanto por los vínculos formados durante una unión prolongada, cuanto por su propio interés, no les conviene descuidar el idioma nacional, el cual abre y entrega a su iniciativa vastos y ricos continentes en ambos hemisferios.

Núñez de Arce volve advertir ao público minutos despois:

Si bien es cierto que en Galicia también apunta [refírese ao uso da lingua en termos políticos], es hasta ahora, según antes os he indicado, de modo tan tímido, inofensivo y nebuloso, tal vez por no encontrar condiciones favorables para su desarrollo, que puede considerársele como un vago anhelo, nada más. Ni las grandes ciudades completamente castellanizadas y donde apenas se habla ya la lengua gallega, ni el pueblo de las aldeas, tan malicioso como prudente, dan calor a las declamaciones y promesas de algunos escritores, cuyo mérito me complazco en reconocer, que sueñan en cosas imposibles, como podrían soñar en las felicidades perdidas del Paraíso o en las futuras bienandanzas de la vida eterna. Hay en aquellas leales y honradas provincias ¿para qué negarlo? la creencia, quizás no del todo infundada, de que no han sido algunas veces atendidas por los Gobiernos con el interés y el afecto a que tienen derecho incuestionable; pero es menester confesar, en honra de ellas, que nunca esta creencia ha traspasado los límites de queja fraternal, ni ha revestido formas hostiles a la tranquilidad de la patria.

O tremor fíxose notar. Dende Cuba a emigración avogará polo rexionalismo político. Waldo Álvarez Ínsua (*El Eco de Galicia*, núm. 234, 19-XII-1886) advirte que “es peligroso reclamar el cariño a latigazos”. En terra patria, unha vez máis aparecerá *El Regional* de Pereira para contrarrestar os desexos centralizadores de Núñez de Arce e, á vez, para crear doutrina rexionalista. Pero, loxicamente, a resposta máis enérxica veu de Cataluña. Primeiro Almirall como presidente do *Centre Catalá* e despois Joan Mañé i Flaquer cunha serie de artigos no *Diario de Barcelona* (logo recollidos no libro *El Regionalismo*, 1887). O grao de tensión

entre Cataluña e Madrid elevouse de maneira notable. O propio Núñez de Arce volve intervir por medio dunha carta pública en que persevera na súa exposición e testemuña o seu orgullo español.

Nesta atmosfera de alta tensión política, na cal calquera definición en termos rexionalistas esixía unha explicación sobre esta adhesión, aparece prensa, variedade de artigos e libros así definidos. Isto ten un alcance pois implica un posicionamento público nunha paisaxe de conflito *in crescendo*. Miremos algúns exemplos.

Na resaca da polémica xerada polo discurso de Núñez de Arce, os republicanos federais galegos acordan en decembro do 86 convocar unha *Asamblea Federal de la Región Gallega*. A xuntanza celebrouse en Lugo, no mes de xullo do 87 coa participación de militantes claramente rexionalistas (Aureliano Pereira, Amor Meilán ou Castro López) e a presenza de republicanos abertos ao rexionalismo (Leiras Pulpeiro, Orantes Magallón ou Moreno Barcia). O ambiente contén un claro deuse rexional como se aprecia na redacción do *Proyecto de constitución federal para el futuro Estado gallego*<sup>[55]</sup>.

E precisamente, en decembro de 1886 no Círculo das Artes de Lugo, un republicano federal como Aureliano Pereira falaba arredor do rexionalismo, “aquele sistema de goberno cuxa base é precisamente esa autonomía, esa liberdade”. Falaba ante un público selecto, de clases acomodadas e cultivadas nas artes humanísticas. Mais Pereira, preocupado de ir máis alá da retórica, propuxo crear a Academia Galega<sup>[56]</sup>. Máis adiante insistiría dende as páxinas do *Galicia. Revista regional* (núm. 2, 1-II-1887).

Antonio De la Iglesia, un activista do Rexurdimento, publica en 1886 *El idioma gallego*, dentro da colección promovida por Martínez Salazar. Este longo tratado procura explicar, divulgar e consolidar a aceptación do galego como idioma e non dialecto. Ademais, no estudo da historia da literatura galega (dende os cantos populares até Curros) opta por integrar só as obras e autores en galego. En

[55] Entre os deberes da investigación rexurdimentista temos aquí outro asunto: o grupo rexionalista e republicano de Lugo. Ao facer un repaso dos asistentes e o seu rol nesta asemblea decatámonos do peso do sector lucense: Leiras Pulpeiro (Mondoñedo), Segundo Moreno Barcia (Ribadeo), José Soto (Becerreá), Manuel Díaz (Monforte de Lemos), Francisco Rebollo e José Rodríguez (Quiroga), Marcelino Losada (Vilalba), Manuel Mosquera Lequerica ou Aureliano Pereira (Lugo). Arredor destas figuras formáronse grupos militantes nas súas vilas, prensa e participación en sociedades de todo tipo. Un capítulo, como dicimos, por mirar con atención.

[56] A cuestión da creación dunha Academia Galega viña de antes, cando menos dende 1881 cando se anuncia a súa constitución en Santiago de Compostela. Esta iniciativa viña impulsada dende o claustro da USC. Os obxectivos desta institución non-nata eran o estudo da lingua, historia e arqueoloxía. Xornais como *El Eco de Orense*, *El Correo Gallego* ou *El Regional* acudirán dende primeira hora en apoio desta proposta frustrada. En todo caso revela o interese xerado arredor da necesidade do traballo filolóxico do galego.

consecuencia, asúmese que o idioma distingue que e quen forman parte da literatura de Galiza<sup>[57]</sup>.

Pouco despois, en xaneiro de 1887, aparece na Coruña a voluminosa *Galicia. Revista regional*, a cargo de Andrés Martínez Salazar (camarada de Murguía), que se ocupará dos asuntos rexionalistas de carácter máis histórico e cultural, cun ollo posto no mundo labrego, deixando o espazo doutrinal a *La Región Gallega* do *pontífice rexionalista*<sup>[58]</sup>. Por outra parte, o futuro home de estado Augusto González Besada, que colaborara en *El Libredón* e *El País Gallego*, publica en la *Biblioteca Gallega* o primeiro tomo da súa *Historia crítica de la literatura gallega*, dedicada a Rosalía de Castro e Juan Barcia Caballero. Permítasenos facer un aparte.

Augusto González Besada, avogado de prestixio e home de estado militante no conservadorismo, mantivo unha actitude proclive á diversidade cultural e lingüística, flirteando co rexionalismo (formou parte da Xunta Rexionalista de Pontevedra en 1890) e sempre en defensa de Rosalía de Castro. A ela dedicarlle o seu discurso de ingreso na Real Academia Española en 1916<sup>[59]</sup>.

Nos Xogos Florais de Santiago, celebrados o 27 de xullo de 1885, gañara un premio cun breve ensaio titulado *Cuadro de la literatura gallega en los siglos XIII y XIV*. Nestas páxinas apoiadas en continuas citas a Murguía (o que desprende o papel de prestixio como intelectual que este adquirira incluso nos ámbitos conservadores)<sup>[60]</sup>, xa no clima de discusión arredor do idioma, Besada sentencia que “el portugués es un subdialecto del gallego”, aliñado co *Teatro crítico* do P. Feijóo (que Besada cita) cando fronte a estas hipóteses se chegou a cuestionar (como fixo Valera) que a obra de Afonso X non estaba en galego senón en portugués.

---

[57] Parécenos oportuno indicar que nesta altura xa se publicara a *Gramática gallega* (1868) de Saco Arce e os dicionarios de Xoán Cuveiro (1876) e de Marcial Valladares (1884). Gramática e dicionarios considerábanse elementos imprescindibles para a codificación da lingua e, á súa vez, para amosar o carácter de idioma e non dialecto con que acotío se viña confundindo.

[58] Esta revista, publicada dende 1887-89 e en segunda época dende 1892-93, acolleu colaboracións de Murguía, Curros, Marcial Valladares, Labarte Pose, Benito Losada, Waldo Álvarez Ínsua, Aurelio Ribalta... Nestas páxinas publicará Murguía a resposta a Sánchez Moguel e que logo sería levado a libro grazas ao apoio da emigración galega en Cuba, Waldo Álvarez Ínsua mediante.

[59] Un home ligado a el, Linares Rivas, dedicará en 1921 o seu discurso de ingreso en igual institución a Manuel Curros Enríquez. Ambas escollas só se explican polo interese xerado e por un coñecemento (por mínimo que fose) fóra de Galiza de dous escritores capitais para o Rexurdimento. Outra cousa, materia doutro artigo, é a lectura literaria e política que fagan.

[60] Para facerse unha idea do conservadorismo de Besada, neste opúsculo proclama: “en España no hay más que un Rey, como en el mundo no hay más que un Papa y como en el cielo no hay más que un Dios”.

A obra de Besada supón unha defensa do galego como lingua, cun pasado literario e cunha historia propia de escritores, reino e poder. O galego era a lingua do norte de Portugal ademais de ter forte presenza na Corte e en toda Castela. No epílogo engade “fui recorriendo las páginas de nuestra historia y en ellas encontré monarcas, héroes, guerreros, artistas, genios todos de la región galaica, que si murieron en la memoria de sus hijos, viven todavía en los anales de la patria”.

Porén terá un lugar especial este primeiro estudo sobre a literatura galega de 1887 pois, entre outros motivos, aplica o criterio filolóxico<sup>[61]</sup>. Besada, que asume a narrativa de Murguía en canto ao influxo dos celtas e suevos na forxa identitaria, explica as orixes filolóxicas do idioma galego. Pro un parágrafo merece ser citado integramente: “Si el idioma es *la lengua de cualquiera nación*, el habla de Galicia no será idioma, pero confesemos también que no puede ser dialecto, si es cierto que el dialecto es *el lenguaje que con otros tiene su origen común, con la diferencia solamente de las desinencias*”. O oxímoron en que se embarra Besada é digno representante das complexas relacións discursivas arredor da lingua e a identidade nacional. A solución é salomónica: “Si el idioma es *el lenguaje oficial de una nación*, también el gallego fue idioma, porque también fue nación independiente. Hoy la nación murió, pero la lengua vive” (todas as cursivas están no orixinal).

Volvendo ao relato dos acontecementos, no primeiro de ano de 1888 a revista *Galicia* da Coruña publica un interesante artigo de David Pazos García, residente no Barco de Valdeorras. Unha vila onde tiña especial incidencia o republicanismo federal, todo sexa dito. Este David, colaborador en *La España Regional*, será directo en canto aos retos da dirixencia rexionalista para que “esas eminencias que capitanean, por decirlo así, el movimiento regional de nuestra tierra” respondan e acrediten os dereitos históricos de Galiza e “se declare, de una vez para siempre, que Galicia presenta, desde remotos tiempos, ha conservado a través de ellos y tiene hoy, una personalidad propia, una fisonomía diversa de otras, y que su idioma y su literatura [...] puede enumerar y exponer en cambio insignes literatos y obras de primer orden en todo el transcurso de su historia”.

Murguía publica en 1888 o tomo *Galicia*, en coidadísima edición, no cal volve insistir na base celtista da conformación étnica do pobo galego, e o terceiro tomo da *Historia de Galicia*, que cede o protagonismo ao reino suevo<sup>[62]</sup>; por tanto, as dúas patas nas cales se fundou a identidade en opinión do autor (como xa expuxera naqueles primeiros artigos de *La Oliva* en 1856-57). Labarta Pose lanza *Galicia*

---

[61] A obra foi premiada en 1885 e, por tanto, é anterior á publicación d’*El idioma gallego* de Antonio De la Iglesia.

[62] “A reacción de hostilidade contra o programa historiográfico de Murguía foi moito máis brutal e *ad hominem* en 1888, en plena Restauración, cando publica a parte III da súa *Historia de Galicia*, centrada no reino suevo, que na década dos setenta” (Rodríguez, 2022: 181).

*Humorística* (1888-89)<sup>[63]</sup>, que se ben non ten propósito rexionalista non é menos certo que acolle voces de especial significado: Alfredo Brañas, Curros, Aureliano Pereira, Marcial Valladares, Alberto García Ferreiro, Amor Meilán...

No aspecto lingüístico parécenos oportuno resaltar o inicio das publicacións periódicos monolingües en galego. Sen ánimo exhaustivo, só como unha mostra representativa da presenza da lingua, da duración e distribución xeográfica: Ourense, Betanzos, A Coruña, Pontevedra, Lugo...

Tras o pioneiro *O Tío Marcos da Portela* publicado nos rescoldos republicanos (primeira época, 1876-80; e segunda época, 1883-89), aparecen en maio de 1885 o *Galicia* en Ferrol, saído da imprenta d' *El Correo Gallego*; en outubro de 1886 *O Antroido* de Betanzos continuado en marzo do 87 por *A Fuliada* que, á súa vez, viviría unha segunda parte xa na cidade da Coruña<sup>[64]</sup>; en agosto de 1888 en Pontevedra *O Novo Galiciano*, continuador d' *O Galiciano*, e que proseguiría con *A Tía Catuxa* (1889-91); e despois *A Monteira* de Lugo (1889-90), que tería continuidade con *O Labrego* (1891-93). Se o destacamos é, como dixemos, polo contexto de debate arredor do valor supralingüístico do galego porque xa non son poemas nin coplas populares; agora escríbense columnas e editoriais en galego, escríbese en prosa pensamento político, relixioso ou social facendo válida a lingua para estes mesteres.

Fronte a este discurso proRexurdimentista aparece *De mi tierra* (1888), de Emilia Pardo Bazán, con textos de especial incidencia no marco que analizamos. A esta onda preocupada polo destino rexurdimentista (en chave folclorizador) únese Alfredo Vicenti, quen estivo tan vencellado aos Murguía de Castro e a proxectos claramente rexionalistas como *La Ilustración Gallega y Asturiana*. Deteñámonos nun suceso protagonizado por Vicenti e acontecido en xullo de 1888, polo que garda de representativo desta tensión<sup>[65]</sup>.

Vicenti, reputado xornalista en toda España e aliñado coa política de Emilio Castelar (do cal era o seu *espadachín*), recibe en Compostela unha homenaxe por parte da prensa. A asistencia é variada no espectro ideolóxico como proban a presenza de Alfredo Brañas e de Alfredo Vilas. Pola contra, a polémica veu no brinde de Waldo Álvarez Ínsua<sup>[66]</sup> cargando contra o propio homenaxeado, a quen acusa de atacar de xeito desleal o rexionalismo ao definilo como un movemento “antipatriótico que desligaba a la provincia de la nación y tendía al fraccionamiento

[63] Tras o seu peche aparece o seu continuador cun título máis significativo: *La Pequeña Patria* (1890-91), dirixido por Labarta e José Tarrío, quen logo se integraría no Comité Central Rexionalista e na ARG.

[64] No número 13 (26-IV-1888) dise: “O idioma é a patrea, e tod’o que menosprécea aquél renega d’ ésta”.

[65] A crónica pódese seguir pola prensa, como no *Galicia. Revista regional* núm. 10 (1-X-1888).

[66] O texto reproducíuno na súa totalidade *La España Regional*, tomo 5 (1888).

de los pueblos”. O ataque de Ínsua resulta perturbador na medida en que se centra na propia figura protagonista do acto. Por exemplo, repréndelle o descoñecemento arredor da separación da terra-naí que si sentiron os emigrantes a América, coma el, negándolle o valor ou a autoridade da súa palabra neste tema. En canto ao rexionalismo, aínda que a cita é extensa parécenos necesaria:

Yo me honro y me envanezco de ser regionalista, a pesar de todas las excomuniones y anatemas que sobre mi cabeza lance mi querido amigo el Sr. Vicenti. [...]

¿Creéis que éste movimiento es simplemente una manifestación del progreso de la nación? ¿Creéis que los impulsos que movieron al viejo sabio de Vilancosta, al ilustre Marcial Valladares, a publicar su Diccionario gallego, los recibió de la Corte, en la que no ha mucho tiempo se levantó un gran poeta castellano [Núñez de Arce] a denigrar con ruda frase el regionalismo? ¿Creéis que los saltos gigantescos que ha dado nuestra poesía, que el perfeccionamiento de nuestro dulcísimo idioma se debe a los vuelos que alcanzaron la poesía y el idioma de la nación española con Zorrilla, Arolas, Ayala, Núñez de Arce y Ferrari? No por cierto; este gran oleaje del que fue tranquilo mar provincial, es el producto de la nueva idea que va infiltrándose en todos los corazones, tomando posesión de todas las almas y haciendo de los más exagerados cosmopolitas, regionalistas inconscientes. [...]

Soy regionalista –y de ello no me arrepentiré jamás- y aprendí a serlo más allá de ese tormentoso mar. [...] Creo que el regionalismo no es el separatismo, ni siquiera en el orden político, el autonomismo, sino una aspiración legítima, honrada e inofensiva que consiste en buscar para determinadas provincias la mayor suma de bienes sin que por ello se lastime el principio de unidad nacional. [...]

Queremos la independencia moral de nuestra patria, buscamos el acabamiento de la tutela: queremos abrillantar más y más nuestro idioma, restaurar nuestros monumentos, extender a más amplios horizontes nuestra poesía y abrir nuevas vías a nuestra literatura [...] ¿Es un crimen pensar así?

Retomemos o fío co discurso ofrecido por Alejandro Pidal y Mon nos Xogos Florais celebrados en Vigo (1888). A fasquía do orador débese explicar: ministro no gabinete de Cánovas del Castillo con destacado perfil conservador, dirixente de Unión Católica, académico da RAE (que chegará a presidir)...

A intervención, alén das citas relixiosas, expón algúns puntos interesantes ao fío do noso traballo. Por exemplo, defende que o galego é unha lingua da cal procede o portugués ou o dereito á celebración dos Xogos Florais como espertador do “espíritu regional” que “otros adversarios más encarnizados y furibundos combaten”. O orador deixa algunhas consignas entre o público e para a prensa: “el espíritu regional no es enemigo de la unidad de la patria”, “que se afirme el regionalismo [no] niega la unidad nacional” que remata cun chamamento: “La mejor manera que teneis de ser buenos españoles es seguir siendo buenos gallegos (grandes aplausos)”.

Nese mesmo ano producírase unha intervención pública que alentou o traballo doutrinal do rexionalismo político. Referímonos ao discurso *Razones históricas en que pretenden fundarse los regionalismos catalán y gallego*, de Antonio Sánchez Moguel. Discurso pronunciado o 8 de Nadal de 1888 no seu ingreso na *Real Academia de la Historia* nun acto presidido por Antonio Cánovas del Castillo, presidente da institución.

O ton e o contido, carregados de maneira pomposa con exaltacións do nacionalismo español, son tan agresivos como o foron os textos de Núñez de Arce ou Valera: unha aldraxe á tarefa intelectual e un escarnio do rol político dos rexionalistas<sup>[67]</sup>. A Galiza, por exemplo, négalle que existise como reino independente agás o período do monarca don García; reduce o movemento galego a unha marxinalidade; ou ataca a tese do celtismo (“dogma capital”) como base étnica do pobo galego que pola contra atopou eco ao ser “casi popular en las cuatro provincias” para o seu malestar. Con todo, o propósito discursivo era afianzar unha imaxe de España como nación configurada no pasado pero con predominancia coetánea, unha nación única que acolle diversas manifestacións culturais pero cunha única referencia nacional. De feito, o orador tira dunha cita do recente libro de Oliveira Martins na cal expresa que na península existen diversos pobos pero un só *cuerpo entológico dotado de caracteres generales comunes a todos*<sup>[68]</sup>.

Murguía, canda Vicetto, será citado por Moguel con palabras cheas de desprezo á súa tarefa investigadora na disciplina histórica ao destacar del a súa fantasía e, por tanto, cuestionar o seu saber e facer científico: “persona de gran imaginación y elocuencia y cultura, posee por fortuna, altísima facultad adivinatoria”. Ademais cítao como “primer historiador del habla y de la literatura gallega” omitindo os esforzos en materia de historia cando levaba publicados tres tomos da *Historia de Galicia*, o volume *Galicia*, unha mancha de artigos dispersos na prensa e incluso o seu nomeamento de cronista oficial<sup>[69]</sup>.

[67] Xusto neste 1888 Núñez de Arce escíbelle unha carta ao poeta Alberto García Ferreiro a raíz do seu poemario *Volvoretas* e que sae publicada no *Álbum Literario* (núm. 38, 21-X-1888). Fagamos sitio a un extracto revelador do concepto de literatura rexional e a súa complicada relación coa literatura rexionalista: “Usted ha comprendido lo que debe ser la poesía regional, y ha dado a sus notables composiciones, no solo el encanto del dialecto materno, sino las ideas, las malicias y los afectos del hogar nativo. Es, pues, la poesía de usted *gallega* por la forma y *gallega* por el fondo, y no ha incurrido usted en el contrasentido, tan común, por desgracia, en las literaturas regionales, de hacer hablar a sus paisanos en un lenguaje del cual sólo las palabras les son propias; pero en manera alguna las ideas, los sentimiento y las creencias”.

[68] Aproveita a cita para tildar a Portugal como “factoría británica”. Ao fío disto búrlase dos “autonomistas gallegos y catalanes” porque, se “lograran separarse de la patria común para caer bajo la férula de naciones extrañas, como provincias o factorías de éstas” só suporía unha confirmación da incapacidade de poder sobrevivir como estados independentes reducíndose, pois, a colonias de grandes imperios.

[69] Sánchez Moguel usa o termo “galleguistas y catalanista” para referirse aos rexionalistas de ambas nación sen estado. É unhas das primeiras referencias a esta palabra con tal significado.

As referencias ao aspecto cultural tamén son significativas. Sánchez Moguel relata os seus estudos arredor dos “renacimientos literarios” de Francia nas zonas bilingües (Iparralde, Provenza, Savoia, Bretaña) ou de Italia. A conclusión é tallante: en ningún deses territorios se deron “verdaderos movimientos restauradores ni de carácter literario ni de índole político” porque *é Francia una e indivisible*, e porque en Italia “lejos de soñar con pretéritas restauraciones, en noble competencia, aspiran a convertir las viejas rivalidades en mutua fraternidad y generoso cariño”.

Como en anteriores casos, o *affaire* político volveu ocupar espazo periodístico. Dende a *Revista de España* (Tomo 124) a loa foi ditirámica para un autor que “además de buen hablista, es un excelente historiador”. Desta crónica o máis interesante, sen dúbida, é a valoración que realiza sobre as páxinas dedicadas ao caso galego: “El regionalismo gallego, con el cual, sin dejar de ser justo, el Sr. Sánchez Moguel se ha mostrado acaso un tanto severo”. A revista do Ateneo, onde o conferenciante exercía de secretario e vicepresidente da sección de Literatura, tamén recollerá o acto con igual aprezo: “Su discurso, escrito con elegante estilo, castiza frase, acertada crítica, recto criterio e imparcial juicio, y acendrado y verdadero amor a la unidad y grandeza de la patria, muy especialmente al censurar la tendencia separatista de los regionalistas catalanes y gallegos”<sup>[70]</sup>.

En febreiro deste 1889 resoa no Ateneo de Madrid a cuestión da literatura galega. Desta volta no bico do Marqués de Figueroa co seu discurso titulado *De la poesía gallega*. Dende as primeiras liñas o autor simpatiza coas reivindicacións de pobos como os húngaros, bohemios, bretóns, irlandeses, cataláns e galegos. Considera o rexionalismo unha lexítima resposta “contra ese Estado que todo lo iguala, nivela y centraliza”; unha resposta que “proclame las libertades regionales, que son afirmación necesaria de la afirmación nacional”. A solución pasa polo “sentido descentralizador con ventaja de la nacionalidad”.

Pro consciente do clima conflitivo, “el amor a la región debe referirse siempre [...] al amor de la patria común” porque en Galiza “no han sonado gritos de combate, ni hay voces bélicas ni ensueños de independencia en sus cantos, llenos sólo de quejas por el olvido de propios y de extraños”.

Pero, para o noso caso, detémonos no aspecto lingüístico: “El espíritu de la región parece que se concentra y conserva en el lenguaje, vehículo de la idea regionalista”. Ademais, na liña expresada por Murguía nos inicios de *La Oliva* (1856) e logo no prólogo do *Diccionario de escritores gallegos* (1862), comparte a idea de que o uso do castelán por parte dos galegos só dera “poetas inferiores” e, por tanto, “han tenido la necesidad de usar su lengua propia para dar poetas notables”. Malia todo, a conferencia é atravesada por un argumento basilar: o prestixio, o pasado e o futuro

---

[70] A revista reproducirá de maneira íntegra o discurso.

da lingua galega na poesía. Todo seguindo a lectura histórica feita por Murguía pero mantendo a distancia e puntualizando distintas cuestións.

Mais, en liña con Pardo Bazán (a quen cita e segue nas referencias ao valor da obra de Rosalía), o Marqués de Figueroa considera que a lingua galega está nos “labios del pueblo”. Este matiz engade unha aresta chave para comprender a posición política e a interpretación do papel identitario do idioma. Ao referirse ao aspecto popular afirma que é a

característica y excelencia principal del renacimiento literario de Galicia. Ni puede ser de otro modo; que en cuanto, saliéndose el escritor de los límites de la poesía popular, se dé á expresar cosas que no estén en el genio de la raza y de la lengua, al punto se descubrirá el artificio. La complexión especial del habla gallega, su falta de desenvolvimiento por no haber trascendido a otras relaciones que las del hogar, son causa de que tenga ese cierto sabor arcaico que tan bien se presta a expresar los sentimientos propios del estado de alma del pueblo, que corresponde a ese estado del lenguaje. Tiene otro carácter la lengua catalana, más trabajada y pulida, y tiénelo por eso mismo su literatura más comprensiva y general.

Finalmente, o Marqués de Figueroa inclúe varios apéndices ao traballo. Un deles vai dedicado ao discurso de Sánchez Moguel na RAH. O motivo reside na sobredimensionada importancia dada ao rexionalismo político en Galiza. O Marqués nega a penetración desta tendencia e descolga o desprezo contra “alguna frase de Faraldo, frase sin eco en la región como de autor sin nombradía, y que sólo pudo tener carácter de un ensueño propio de la exaltación romántica ya hoy pasada de moda”. Por iso as aspiracións políticas impulsadas polo rexionalismo responden máis a un “trasnochado romanticismo” do que unha “realidad actual”.

En troques, o golpe máis sonoro dado na mesa veu da man do líder rexionalista. Murguía elabora unha resposta a Moguel, cun denso contido doutrinal, por medio de artigos publicados tanto no *Galicia. Revista regional* para o interior como en *El Eco de Galicia*, para a diáspora, e en *La España Regional*, para os aliados. É interesante facer notar a escolla do polígrafo coñecedor do sostén da emigración e do rexionalismo catalán para a causa<sup>[71]</sup>.

Os artigos convertéronse logo en libro cun aquel de catilinaria: *El regionalismo gallego*, publicado un ano despois (finais de 1889) na Habana grazas ao apoio económico dos emigrantes. De novo, a emigración emerxe cun papel protagónico afianzando a Murguía como o líder político e acollendo as súas teses (incluída a lingua) como propias. No prólogo de Ínsua insístese no dereito político do rexionalismo como consecuencia “del descrédito en que ha caído el sistema centralista”.

---

[71] Precisamente *El Eco de Galicia* publicará unha carta, asinada por Álvarez Ínsua en compañía de máis dun milleiro de sinaturas, en apoio de Murguía: “como V. Siente, así sentimos nosotros”.

A obra de Murguía supón unha afirmación sólida arredor da “vida nacional del país gallego” ou de la “nación gallega” ou de “las diversas nacionalidades de que se compone [España]”. Murguía bota man das aldraxes e da *galaicofobia* para explicar un dos motivos que impulsou a toma de conciencia política do rexionalismo fronte a “la mano de una mayoría opresora, agresiva, y que solo atiende á lo suyo”. O mesmo que viviran, saltando todas as distancias, Sarmiento, Verea Aguiar ou Antolín Faraldo.

Máis alá dos reproches xustificados de Murguía contra o descoñecemento da historia galega por parte de Moguel, a confusión entre os conceptos nación/estado ou a falta de lecturas con respecto a Galiza, queremos deternos nun apartado: a lingua.

Murguía, ao poñer o exemplo da solución británica para as nacións como Irlanda, Escocia ou País de Gales, bota man do lema “unha lingua, unha patria, un pobo”. O autor subliña que o impulso da lingua non é “contraria a la unidad del estado” nin que “el cultivo y estudio de los idiomas no oficiales atente a la pureza de la lengua inglesa y, en fin, que el uso de las lenguas particulares implique retroceso intelectual y desamor a la patria común”.

Pero a máis firme aseveración, xa feita símbolo nos labres de Murguía, resúmese nestas oracións: “Lengua distinta, se ha dicho siempre, distinta nacionalidad. Sintiéndolo así Galicia, se tuvo constantemente por nación”. O elemento lingüístico volve aparecer na relación de elementos constituíntes. E no último parágrafo reclama que a lingua galega “sea tan oficial como la del Estado”.

Á vez que Murguía publicaba este importante libro, Alfredo Brañas facía o mesmo coa aparición en Barcelona do seu *El regionalismo gallego* a fins de 1889 e que se distribúe nos primeiros meses do seguinte ano. Neste tratado político, o autor propón a incorporación do galego á instrución primaria ou a constitución dunha academia da lingua. Porén, ademais de defender a orixe céltica do galego, dedica un capítulo e varios epígrafes á cuestión idiomática. Mais non encontramos nestas páxinas unha manifestación rotunda da lingua como elemento constitutivo da nación como adoita aparecer nos escritos de Murguía.

O estudantado das universidades de Compostela ou Barcelona, asociacións culturais de distintos lugares, prensa galega e catalá ou persoas do catalanismo manifestan a adhesión a Brañas. A recepción foi ampla. A raíz desta publicación orgánizase o 9 de marzo de 1890 un banquete en homenaxe a Brañas sobre o cal debemos indicar algo.

O acto presidírono Alfredo Brañas, Aureliano Pereira e Barcia Caballero. As intervencións son numerosas, con poemas e cartas de apoio ao homenaxeado. Acoden os representantes da prensa (*Gaceta de Galicia, El Regional, La Concordia, El Pensamiento Galaico, El País Gallego...*). De entre as expresións alí pronunciadas, unha terá unha especial acollida: o chamamento a “que se trabaje por la reunión del Congreso Regional” (*El Regional*, núm. 2180, 16-III-1890). Unha arela que tomará forma coa ARG.

#### 4. Peche: conclusións e liñas de fuga

Ao publicarse o *Diccionario gallego* (1876), de Xoán Cuveiro, solicitouse ás deputacións a compra de varios exemplares. A deputación de Ourense, por exemplo, mercou. Mais a da Coruña non sob pretexto de que “la vulgarización del lenguaje gallego podría perjudicar a la unidad nacional” (Saurín De la Iglesia, 1977: 291-292).

A centralidade do idioma na construción discursiva da nación sucede no último cuarto do XIX. As circunstancias políticas determinan este feito: a queda da República de 1873 e o fracaso da implantación do federalismo levou a unha contrarrevolución de signo conservador e centralista. Cánovas dispónse a estruturar o estado moderno en España para o cal precisa unha idea de nación española. Esa concepción recóllese no seu discurso de 1882 que fixa un modelo monolésico con desprezo polos *dialectos*.

A aposta por unha España de diversidade nacional e cultural, como profesaba Víctor Balaguer, queda en terra de ningúen. Despois de 1875 os discursos arredor da estrutura territorial polarizaranse entre o centralismo e o rexionalismo. Para ambos a lingua sitúase nun punto privilexiado para definir as identidades nacionais mais son discursos enfrontados e non conciliables. O idioma, co seu engado supralingüístico, é parte central na tarefa de cimentación do discurso rexionalista<sup>[72]</sup>.

No caso galego encontrámonos con dúas perspectivas enfrontadas en canto ao valor outorgado ao idioma: *rexionalismo nacionalizador* e *rexionalismo folclorizador*. A lingua, como primeira e pública manifestación dunha identidade, pasa a ser obxecto de debate en canto á forma de artellala no discurso político. A lingua entendida apenas pola súa fasquía filolóxica ou arqueolóxica vs. a lingua entendida como peza central da nación<sup>[73]</sup>.

As miradas de Cánovas e Murguía son representativas. Ambos aceptarían que “el idioma es la primera prueba que ofrecen de si y de su individualidad las naciones” (Cánovas, 1882). O debate instálase, nesta ocasión, no concepto que teñen do galego: para o primeiro é un *dialecto* no senso pexorativo: fala subordinada a unha lingua nacional, carente de prestixio e reservada para un marco literario diglósico con límites temáticos; para o segundo, é un idioma con brillante tradición literaria e representativa dunha identidade forxada na historia. Os discursos son concorrentes

---

[72] O dirixente O’Connell era falante de gaélico mais o idioma queda á marxe da axitación política. Outro tanto sucede con Faraldo e noutros estados en proceso de unificación: “Aunque la lengua proporcionaba así un argumento central para la creación de un estado nacional unificado a las clases medias liberales de Italia y Alemania, en la primera mitad del siglo XIX este hecho todavía no se daba en ninguna otra parte” (Hobsbawm, 2022: 168). Para o caso galego, un resumo en Martínez González, 2014a.

[73] Unha cita de Pardo Bazán: “Lengua nacional es tan sólo, en el sentido político, la que logra prevalecer e imponerse a una nación; y las demás que en ella se hablen, dialectos” (1888: 293).

pero parten de distintas referencias precisamente por seren distintas as concepcións arredor do galego e do seu pobo falante como suxeito político.

A admisión dos dialectos debíase a que son a fala das casas, do popular, do íntimo, do emocional, do impulsivo, do irracional, da inocencia e mesmo ignorancia. A lingua, en cambio, é o idioma da alta cultura, da formación académica, da Administración, da corrección filolóxica, da pureza lingüística, do prestixio histórico... Por iso acéptanse se existe esta subordinación que logo afecta á escolla dos xéneros ou temáticas literarias. É dicir: a *fala* da paisaxe, dos costumes ou das tradicións tratadas en verso, pero non a *lingua* da reflexión filosófica, da metafísica ou da enxeñería técnica tratadas en prosa.

Estas distincións suceden cun cambio nos gustos culturais. Non esquezamos que a prosa neste último cuarto de século ocupará o posto cimeiro entre os xéneros literarios cando a inicios do XIX era a poesía quen estaba no alto do pódium. E, ademais, non esquezamos que se produce un cambio na estética que deixa arrombado o romanticismo para abri-lle as portas ao naturalismo. Galdós, por exemplo, consideraba o catalán habilitado para a poesía pero non para a prosa. A el débese a sentenza “El dialecto carece de recursos para todo lo que es el orden ideológico”.

En definitiva, na esfera pública prodúcese un debate sobre a fixación e apropiación do significado de dialecto. Cando os rexurdimentistas falan de *dialecto* non o fan no sentido outorgado polas *clases educadas* de Madrid senón no sentido dun idioma á espera da súa codificación, estandarización e normalización lingüística. Por iso dende *La Región Gallega* o seu director, Manuel Murguía, insiste na urxente convocatoria dun congreso filolóxico sobre o galego; ou outros rexionalistas, dende distinta prensa, chaman a formar unha Academia da Lingua Galega.

Neste artigo cedemos moita importancia ao espazo público (en liña coas teses de Habermas). A configuración do chamado *home público*, que axiña tomará a forma de *intelectual* tras a intervención de Zola no caso Dreyfus, prodúcese ao longo desta centuria. A palabra de Cánovas ou Murguía posúen, por distintas razóns, un peso simbólico do cal carecían outros. En consecuencia, é tan fundamental coñecer a figura do orador, o lugar onde fala e o público que asiste como o propio contido da intervención. Cómpre poñer o acento nestes aspectos considerados “contextuais” pero que son elementos decisivos para o impacto dun discurso, da súa aceptación ou refutación, da súa capacidade institucionalizadora e lexitimadora. Porque é aquí cando a disputa arredor da lingua ten un valor de lexitimación política. É clarificadora esta cita de Alonso Nogueira (2005: 88):

Las prácticas de significación, por su parte, deben ser situadas en un marco institucional, esto es puestas en relación con la existencia de revistas, certámenes, ceremonias, un público lector, unos procedimientos de creación del valor etc. En este sentido, los Juegos Florales, la prensa provincial, la crítica que intenta establecer estas relaciones, las redes

provinciales de distribución, las invitaciones que llevaban a Pereda a Barcelona y a Víctor Balaguer a Pontevedra o a Valencia, deben ser entendidas como prácticas culturales que no sólo elaboran ciertos productos literarios sino un universo de valores, jerarquizado y una visión de la historia y de la realidad cultural, unos hábitos culturales de interpretación, o como matizaba González Millán, de apropiación y representación.

A repercusión dos pronunciamentos citados neste traballo recolléronse na prensa. Este é outro dos axentes fundamentais para a análise sociocultural porque os xornais tiñan a capacidade de intervir, fixando posicións e alentando o debate social dado o carácter que posúen de “sociabilidade virtual”. A distribución xeográfica da prensa permitía que os asuntos tivesen incidencia en distintas localidades e, por tanto, colectivizábaos. A polémica sobre a campaña arredor do rexionalismo galego impulsada por tres xornais en 1886 é un bo exemplo.

Todos estes aspectos supoñían delimitar o campo literario galego e, de maneira paralela, definir os criterios da literatura nacional. De aí que o idioma pase a ter un rol definitivo ao aplicarse o criterio filolóxico para separar o que é e non é literatura galega.

O esforzo do Rexurdimento, nas súas distintas facetas, fíxose como parte dunha estratexia de resistencia á asimilación, á glotofaxia, á subordinación do país galego. A elaboración do contradiscurso, conformado a partir dos contraespazos públicos, expón con toda claridade unha loita polo control do campo literario galego e polo control do principal capital simbólico: a lingua.

En definitiva, a definición do Rexurdimento deuse a partir das loitas polo control do campo literario galego en formación. Do mesmo xeito, a cultura española artéllase a partir dos conflitos porque implica unha toma de posición e un combate polo control dos significados, símbolos ou artefactos culturais. Neste sentido a escolla da lingua galega para a publicación dun texto supoñía unha intención suplementaria. Esta escolla adquiriu un peso político definitivo no marco de articulación doutrinal e organización política do rexionalismo galego fronte á ofensiva centralista co castelán incluído como elemento definidor de España como nación. Por iso di Antón Figueroa (2000: 113-114)

Se pensamos un pouco a historia da literatura galega a partir do Rexurdimento, poderíamos en termos moi aproximados e hipotéticos propoñer o seguinte: a produción literaria galega en galego xorde estreitamente vinculada a unhas tomas de posición políticas, tomas de posición heterodoxas no campo político español, na medida en que, cun enfoque rexionalista ou nacionalista, reclamaban unha certa autonomía política. Ó mesmo tempo, as tomas de posición implicadas polos textos literarios participaban dese carácter político pola súa temática, mais sobre todo polo feito de escribir nunha lingua distinta do castelán ben asentado en España como única lingua nacional.

Nada máis revelador que a reacción do expresidente republicano Emilio Castelar, prologuista de *Follas novas*, tras ler o discurso de Murguía nos Xogos Florais de Tui. Escríbelle por carta a Paz Novoa (15-VII-1891): “La única plaga que no tenían ustedes en Galicia, ya la tienen, el separatismo. Ese Murguía tiene mucho talento, y escribe a maravilla la lengua castellana, pero está loco”<sup>[74]</sup>.

## BIBLIOGRAFÍA

- Archilés, F. (2006): “Hacer región es hacer patria’. La región en el imaginario de la nación española de la Restauración”, en *Ayer* núm. 64, pp. 121-147.
- \_\_\_\_ (2007): “La Renaixença al País Valencià i la construcció de la identitat regional”, en *Anuari Verdguer*, núm. 15, pp. 483-519.
- Alonso Monteagudo, J. C. (2024): *Música e identidade galega. Do baile da gaita á muiñeira* (S. XVII-XIX). Universidade de Santiago de Compostela: Compostela.
- Alonso Nogueira, A. (1999): “A invención do escritor nacional. Rosalía de Castro: a poeta e a súa patria”, en R. Álvarez/D. Vilavedra (coordas.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Universidade de Santiago de Compostela: Compostela, pp. 41-64.
- \_\_\_\_ (2005): *Intelectuales, lenguas y dialectos en la España del siglo XIX* (tese doutoral). [Inédita]
- \_\_\_\_ (2009): “Camino abandonados. *La España Regional* sobre los contextos culturales del regionalismo”, en J. Serrano Alonso/ A. de Juan Boulfer (coords.), *Congreso internacional de literatura hispánica y prensa periódica (1875-1931)*. Universidade de Santiago de Compostela: Compostela, pp. 87-99.
- \_\_\_\_ (2018): “Xénero, nación e subxectividade: Pardo Bazán e a re-escrita da novela rexional. Cara a unha lectura a contrafío de *Los pazos de Ulloa*”, III Simposio Norteamericano de Estudos Galegos: Denver. [Inédita].
- Barreiro Fernández, X. R. e X. L. Axeitos (2005): *Correspondencia da familia Murguía-Castro e outras cartas*. Fundación Rosalía de Castro: Padrón.

[74] López Morais (1965). No mesmo artigo transcribíse outra carta de Castelar a Manuel Casás (27-XII-1893): “Siento mucho que Murguía regionee como regionea, pues el regionalismo es la idea carlista disfrazada de federal”.

- Caminal, M. e J. Pich (2010): “Federalisme i catalanisme (1868-2010)”, en *Activitat Parlamentària*, núm. 21, pp. 8-15.
- Clarín (1885): *Sermón perdido*. Librería de Fernando Fé: Madrid.
- Costa Vázquez, L. (1999): *La formación del pensamiento musical nacionalista en Galicia hasta 1936* [Inédita]. Universidade de Santiago de Compostela.
- Domingo, J. M. (2013): “Sobre la *Renaixença*”, en *L’Avenç. Revista de historia i cultura*, núm. 390, pp. 26-35.
- Fusi, J. P. (2000): *España. La evolución de la identidad nacional*. Ediciones Temas de Hoy: Madrid.
- García Negro, P. (2022): “Unha ollada sobre a Galiza en tres discursos: Castelar, Emilia Pardo Bazán, Gaspar Núñez de Arce”, en *La Tribuna*, núm. 16, pp. 71-76.
- Gimeno Ugalde, E. (2010): *La identidad nacional catalana. Ideologías lingüísticas entre 1883 y 1932*. Iberoamericana: Madrid.
- Gómez Ochoa, F. (2000): “Ideología y cultura política en el pensamiento de Antonio Cánovas del Castillo”, en *Revista de Estudios Políticos*, núm. 108, pp. 143-166.
- González Millán, X. (1994): “Do nacionalismo literario a unha literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega”, en *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, pp. 67-81.
- \_\_\_\_\_ (2000): *Resistencia cultural e diferencia histórica*. Sotelo Blanco: Compostela.
- \_\_\_\_\_ (2004): “E. Pardo Bazán y su imagen del ‘rexurdimento’ cultural gallego en la *Revista de Galicia*”, en *La Tribuna*, núm. 2, pp. 35-64.
- Hermida, C. (1993): *Rosalía de Castro na prensa barcelonesa (1863-1899)*. Edicións do Padroado Rosalía de Castro: Padrón.
- Hobsbawm, E. (2022): *Naciones y nacionalismo desde 1780*. Crítica: Barcelona.
- Maiz, R. (1984): *O rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886-1907)*. Edicións do Castro: Sada.
- López Morais, A. (1965): “Castelar-Murguía. Castelar y el regionalismo gallego”, en *Estafeta Literaria*, pp. 82-83.

- Martínez González, X. (2014a): “Nación, literatura, identidade. O caso do provincialismo galego e a proposta de Murguía”, en *Itinerarios* vol. 20, pp. 49-70.
- \_\_\_\_ (2014b): “Rosalía de Castro, a ponte entre o Rexurdimento e a Renaixença”, en *eHumanista/IVITRA* núm. 5, pp. 170-189.
- \_\_\_\_ (2015): “Renaixença e Rexurdimento. Unha proposta comparativa”, en *Annuari Verdaguer*, núm. 23, pp. 279-292.
- \_\_\_\_ (2017): “Do xenio nacional ó criterio filolóxico. Algúns apuntamentos sobre a literatura galega no Rexurdimento”, en *Follas Novas* núm. 2, pp. 66-95.
- \_\_\_\_ (2018a): “A estirpe dos Chao no Rexurdimento”, en *Glaucopis*, núm. 23, pp. 349-370.
- \_\_\_\_ (2018b): “A obra de Saco Arce no contexto do Rexurdimento”, en *Boletín da Real Academia Galega*, núm. 379, pp. 419-462-
- \_\_\_\_ (2019): “O presidente da República que prologou as *Follas novas* de Rosalía”, en *Follas Novas*, núm. 4, pp. 80-109.
- \_\_\_\_ (2021): “*La Oliva* (Vigo, 1856-57). Prensa no Rexurdimento”, en *Glaucopis*, núm. 26, pp. 263-280.
- \_\_\_\_ (2023): “A constitución da literatura nacional”, en *Anexos BRAG*, núm. 6, pp. 215-235.
- Núñez de Arce, G. (1886): *Estado de las aspiraciones del regionalismo en Galicia, país vascongado y Cataluña*. Est. Tip. Sucesores de Rivadeneira: Madrid
- Touriñán Morandeira, L. (2023): *Marcial del Adalid e o seu legado na Real Academia Galega*. Real Academia Galega: A Coruña.
- Pardo Bazán, E. (1888): *De mi tierra*. Tip. de la Casa de Misericordia: A Coruña.
- Roca, R. (2011): “La pàtria somniada dels poetes de la Renaixença valenciana”, en *Caplletra* núm. 50, pp. 209-236.
- Rodríguez, F. (2022): “Murguía e o medievo galego”, en *Follas Novas* 7, pp. 154-183.
- Saurín De la Iglesia, M. R. (1977): *Apuntes y documentos para una historia de Galicia en el siglo XIX*. Deputació da Coruña: A Coruña.
- Thiesse, A.-M. (2010): *La creación de las identidades nacionales. Europa (siglos XVIII-XIX)*. Ensenada de Ézaro: Madrid.
- Vilas, G. (2021): *Alfredo Vilas. O republicanismo irredutible do esquecido “Castelar galego”*. Edicións Positivas e Consorcio de Santiago: Compostela.
- Villares, R. (2009): “Alfonso XII y Regencia, 1875-1902”, en J. Fontana/R. Villares (dirs.), *Historia de España*, vol. 7, Crítica / Marcial Pons: Barcelona.

Publicamos este noveno número de *Follas Novas*  
grazas ao patrocinio do Concello da Coruña



# Concello da Coruña



CASA DE ROSALÍA

A Matanza  
15917 Padrón  
+34 981 811 204

[www.rosalia.gal](http://www.rosalia.gal)

FUNDACIÓN  
ROSALÍA DE CASTRO